

POBOACIÓN E MERCADO DE TRABAJO

3

3.1. A poboación galega

Antes de entrar na análise da poboación desde a perspectiva do mercado laboral (poboacións activa, ocupada, desempregada, etc.) cómpre realizar un achegamento á situación demográfica de Galicia nos últimos anos, porque vai ser un claro condicionante da evolución dalgunha das variables significativas para a análise do mercado de traballo.

3.1.1. Evolución da poboación

O cadro 3.1. dá fe da evolución demográfica de Galicia, do conxunto do Estado e da Unión Europea no quinquenio 2000-2005. Sobrancearemos os seguintes aspectos:

■ As tres poboacións creceron en cada un dos cinco anos analizados, facéndoo con especial intensidade a española.

■ Cadro 3.1

Poboación de Galicia, España e UE⁽¹⁾. 2000-2005

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Galicia	2.731.900,0	2.732.926,0	2.737.370,0	2.751.094,0	2.750.985,0	2.762.198,0
España	40.499.791,0	41.116.842,0	41.837.894,0	42.717.064,0	43.197.684,0	44.108.530,0
UE (25 países)	450.378,8	451.388,1	452.990,3	455.022,9	457.189,0	459.488,40

(1) Datos da UE en miles de habitantes.

Fonte: INE e EUROSTAT

■ A poboación galega creceu no último ano un 0'41% (11.213 habitantes) mentres que nese período a poboación española subiu cinco veces máis (un 2'11%, en valores absolutos case un millón de habitantes: 910.846).

■ No conxunto do quinquenio estudado a poboación galega creceu algo (30.298 habitantes: 1,1%) mentres que a española aumentou nunha porcentaxe oito veces maior, porque subiu en máis de tres millóns e medio de habitantes (3.608.739, un 8,9 %).

■ A poboación da Unión Europea creceu no último ano un 0,5% (unha décima porcentual máis que a galega pero a cuarta parte que a española) e no quinquenio analizado un 2% (case o dobre que a galega anque menos da cuarta parte que a española).

A poboación de cada unha das comunidades autónomas co último dato proporcionado polo INE (de un de xaneiro de 2005) explicita que:

■ As catro comunidades de máis poboación (Andalucía, Madrid, Cataluña e Comunidade Valenciana, por esta orde) concentran 25.501.597 habitantes, o que representa un 57,8% da poboación total española).

A poboación de cada unha das comunidades autónomas a día 1 de xaneiro de 2005 figura no cadro 3.2; que explicita que:

Galicia é a quinta comunidade polo seu tamaño poboacional, situada entre a Comunidade Valenciana (anque lonxe) e Castela-León (moi preto).

A desagregación territorial do cadro 3.3 permite comprobar a variación poboacional no cuadrienio 2001-2005 de cada unha das provincias galegas; subliñaremos que:

■ Quedan nitidamente reflectidas as “dúas velocidades” existentes na Galicia actual: A Coruña-Pontevedra (nas que crece a poboación) por unha parte e Lugo-Ourense pola outra (nas que decrece); nas provincias de Pontevedra e A Coruña hai unha evolución demográfica positiva sempre no último cuadrienio, mentres que en Lugo e Ourense foi sempre negativa a variación poboacional.

■ Na provincia galega de maior crecemento da poboación do último cuadrienio (Pontevedra) a suba foi de 22.135 persoas, o que en termos relativos é un 2,42 % (máis do dobre do promedio galego anque menos da terceira parte do aumento medio estatal).

Os datos provisionais do Padrón de Habitantes a día 1 de xaneiro de 2006 certifican unha suba no ano 2005 do 0,65% no promedio español e do 0,07% en

Galicia (nove veces menos); no gráfico adxunto pódense ver os datos das diferentes comunidades autónomas. O aumento de poboación galega foi de 2.052 persoas, nun ano no que a poboación estranxeira residente en Galicia subiu en 2.400 persoas; grazas a esta chegada de poboación foránea o padrón galego non foi negativo (como sucedeu na década dos noventa do pasado século).

■ Cadro 3.2

Poboación. Por comunidades autónomas. 2005.

Andalucía	7.849.799
Aragón	1.269.027
Asturias	1.076.635
Baleares	983.131
Canarias	1.968.280
Cantabria	562.309
C. A Mancha	1.894.667
C. León	2.510.849
Cataluña	6.995.206
C. Valenciana	4.692.449
Extremadura	1.083.879
Galicia	2.762.198
Madrid	5.964.143
Murcia	1.335.792
Navarra	593.472
País Vasco	2.124.846
A Ríoxa	301.084
Ceuta	75.276
Melilla	65.488
España	44.108.530

Datos a 1 de xaneiro.

Fonte: INE, Padrón Municipal.

■ Cadro 3.3

Poboación de Galicia. Por provincias. 2001-2005

	2001	2002	2003	2004	2005
A Coruña	1.108.002	1.111.886	1.120.814	1.121.344	1.126.707
Lugo	364.125	361.782	360.512	358.452	357.625
Ourense	344.623	343.768	342.213	340.258	339.555
Pontevedra	916.176	919.934	927.555	930.931	938.311
Galicia	2.732.926	2.737.370	2.751.094	2.750.985	2.762.198

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

3.1.2. Movementos naturais de poboación

A posición relativa da variación natural da poboación galega entre as distintas comunidades autónomas no último ano reflítese no cadro 3.4; velaí algúns trazos:

■ Galicia rexistrou de novo o maior descenso de poboación de todas as comunidades (8.212 habitantes) e fíxoo con máis intensidade que no ano anterior (no que a diminución fora de 7.792 habitantes) nun ano no que no total estatal houbo un crecemento vexetativo de España de 78.597 habitantes.

Crecemento natural. Taxas de natalidade e mortalidade. Por comunidades autónomas. 2005

■ Cadro 3.4

	Nacementos	Defuncións	Crecemento vexetativo	Taxa de natalidade ⁽¹⁾	Taxa de Mortalidade ⁽¹⁾
Madrid	69.896	41.614	28.282	11,89	7,08
Andalucía	92.288	66.040	26.248	11,94	8,54
Cataluña	79.742	62.488	17.254	11,62	9,11
C. Valenciana	50.665	41.027	9.638	11,06	8,96
Murcia	17.372	10.057	7.315	13,18	7,63
Canarias	19.718	12.954	6.764	10,21	6,71
Baleares	10.886	7.971	2.915	11,20	8,20
Navarra	6.193	5.280	913	10,60	9,03
Ceuta	1.328	497	831	18,60	6,96
Melilla	1.277	449	828	19,13	6,73
C. A Mancha	18.296	17.615	681	9,76	9,40
País Vasco	19.926	19.346	580	9,45	9,18
A Ríoxa	3.034	2.811	223	10,20	9,45
Cantabria	5.190	5.504	-314	9,37	9,93
Estremadura	10.011	10.782	-771	9,36	10,08
Aragón	11.679	13.573	-1.894	9,33	10,85
Asturias	7.560	12.677	-5.117	7,14	11,97
C. e León	19.391	26.958	-7.567	7,84	10,90
Galicia	21.164	29.376	-8.212	7,79	10,82
España	465.616	387.019	78.597	10,73	8,92

(1) En tanto por mil.

"Fonte: INE. "Movimiento natural da poboación"

■ A taxa de natalidade galega segue a ser a penúltima do estado (por detrás de Asturias, un ano máis) e está tres puntos porcentuais por baixo do promedio español o que supón, dito doutra forma, que a taxa de natalidade estatal supera á galega nun 37,7%.

■ A taxa de mortalidade galega, en cambio, é das maiores de España (por diante están só Asturias, Castela-León e Aragón) e está case dous puntos por riba do promedio estatal (un 21,3% máis).

Se enxertamos os movementos naturais de poboación de Galicia do último ano na andaina das últimas tres décadas conseguimos unha visión moi axeitada do comportamento a longo prazo. O cadro 3.5 amosa que podemos distinguir dous períodos moi diferenciados:

■ No primeiro (ata o segundo quinquenio do anos oitenta) o crecemento vexetativo da poboación galega descende intensamente pero é aínda positivo

■ No segundo período sempre é negativo o saldo entre nacementos e mortes, cun valor absoluto que na última década estivo ao redor dos 8.000 - 9.000 habitantes por ano. No último ano aumentou –como xa vimos- ese saldo negativo, ao subir máis as defuncións que os nacementos.

No Informe Sociolaboral 2003 estudamos a evolución do indicador conxuntural de fertilidade (o número de fillos por muller en idade fértil) en Galicia, España e a UE de 1975 a 2001; vimos alí que o valor do índice galego estaba en 2001 no 40% do valor que tiña en 1975, nivel baixísimo que é un 25% menor que o español (un

estado que no ano 1976 ocupaba o segundo posto da UE-15 -só por detrás de Irlanda- e que pasou á última posición un cuarto de século despois).

Movementos naturais de poboación. Galicia. 1975-2005.

■ Cadro 3.5

	Nacementos	Defuncións	Crecemento natural
1975	43.850	25.834	18.016
1980	39.154	24.681	14.473
1985	28.427	26.295	2.132
1990	22.501	27.979	-5.478
1995	18.799	28.464	-9.665
2000	19.418	28.858	-9.440
2001	19.361	28.300	-8.939
2002	19.350	28.275	-8.925
2003	20.435	29.727	-9.292
2004	20.692	28.484	-7.792
2005	21.164	29.376	-8.212

Fonte: IGE (<http://www.xunta.es%auto/ige/>) e INE (INE Base)

■ Cadro 3.6

Media de fillos por muller. Por CCAA. 1997-2004.

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004 ⁽¹⁾
Andalucía	1,34	1,30	1,33	1,36	1,36	1,36	1,41	1,43
Aragón	1,07	1,04	1,09	1,13	1,17	1,17	1,22	1,26
Asturias	0,83	0,81	0,84	0,86	0,88	0,86	0,91	0,94
Baleares	1,30	1,28	1,31	1,35	1,35	1,38	1,37	1,35
Canarias	1,22	1,20	1,27	1,24	1,22	1,21	1,18	1,16
Cantabria	0,96	0,94	0,98	1,06	1,04	1,10	1,16	1,16
C. A Mancha	1,30	1,26	1,29	1,29	1,29	1,29	1,33	1,29
C. E León	0,99	0,94	0,96	1,00	0,99	1,02	1,05	1,06
Cataluña	1,18	1,17	1,21	1,28	1,29	1,33	1,39	1,43
C. Valenciana	1,19	1,18	1,23	1,26	1,28	1,30	1,34	1,34
Extremadura	1,29	1,26	1,27	1,29	1,27	1,25	1,27	1,27
Galicia	0,94	0,93	0,94	0,97	0,96	0,95	1,00	1,00
Madrid	1,14	1,13	1,18	1,25	1,28	1,31	1,37	1,39
Murcia	1,42	1,37	1,39	1,47	1,52	1,53	1,58	1,56
Navarra	1,17	1,16	1,19	1,21	1,30	1,31	1,39	1,40
País Vasco	0,97	0,96	1,01	1,04	1,06	1,09	1,16	1,19
A Ríoxa	1,10	1,11	1,14	1,16	1,17	1,21	1,32	1,30
Ceuta	1,74	1,66	1,73	1,69	1,67	1,76	1,77	2,28
Melilla	1,96	1,96	1,91	2,02	2,04	1,90	2,03	2,22
España	1,18	1,16	1,19	1,23	1,24	1,26	1,31	1,32

(1) Datos provisionais

“Fonte: INE. “Análisis de la fecundidad”.

O cadro 3.6 presenta a evolución desde 1997 da media de fillos por muller en cada una das comunidades autónomas e no total estatal; subliñaremos que:

■ A media estatal supera nun 32% á galega no último ano do que aportou datos o INE (2004); na parte alta da clasificación sobrancean Murcia, Andalucía e Cataluña e na parte baixa Asturias e Galicia.

■ No conxunto do período estudado subiu máis o número de fillos por muller no promedio estatal que en Galicia. O dato galego moveuse no primeiro sexenio entre un 0'93 e un 0'97 e no bienio seguinte estabilizouse nun fillo por muller; no total español tamén se notou un salto importante en 2003 e estabilizouse desde entón un 30% por riba do dato de Galicia. A maior natalidade das mulleres estranxeiras é un dos factores clave que está detrás da suba dos últimos anos; falaremos no seguinte epígrafe do notable aumento nos últimos anos da poboación estranxeira en Galicia e (con maior intensidade) en España.

Os datos do cadro 3.6 poden complementarse cos que do conxunto da Unión Europea (e de cada un dos vinte e cinco estados que a forman) figuran no cadro 3.7; sobrancearemos que:

■ A media de fillos por muller en España era moito maior que a da Unión Europea en 1976 pero desplomouse en moi poucos anos (coincidindo coa grave crise económica da seguinte década) e pasou a estar moi por baixo do promedio da UE nas dúas últimas décadas.

■ Tras a suba da media de fillos por muller en España nos últimos anos, en 2004 recuperou o valor que tiña en 1991 (1'33) pero segue moi por baixo do promedio da UE.

Cadro 3.7

Media de fillos por muller. UE. 1976-2004.

	1976	1981	1991	2000	2001	2002	2003	2004
EU 15	1,92	1,77	1,53	1,50	1,49	1,50	1,52	1,52
EU 25				1,48	1,46	1,46	1,48	1,50
Alemaña	1,51	1,53	1,33	1,38	1,35	1,31	1,34	1,37
Austria	1,67	1,67	1,49	1,36	1,33	1,40	1,38	1,42
Bélxica	1,73	1,66	1,66	1,66	1,64	1,62	1,64	1,64
Chipre				1,64	1,57	1,49	1,50	1,49
Dinamarca	1,75	1,44	1,68	1,77	1,74	1,72	1,76	1,78
Eslovenia				1,26	1,21	1,21	1,20	1,22
España	2,80	2,04	1,33	1,23	1,24	1,26	1,31	1,33
Estonia				1,34	1,34	1,37	1,37	1,40
Finlandia	1,70	1,64	1,79	1,73	1,73	1,72	1,76	1,80
Francia	1,83	1,95	1,77	1,88	1,89	1,88	1,89	1,90
Grecia	2,35	2,09	1,38	1,29	1,25	1,27	1,28	1,29
Holanda	1,63	1,56	1,61	1,72	1,71	1,73	1,75	1,73
Hungría				1,32	1,31	1,30	1,27	1,28
Irlanda	3,31	3,09	2,09	1,90	1,94	1,97	1,98	1,99
Italia	2,10	1,59	1,31	1,24	1,25	1,26	1,28	1,33
Letonia				1,24	1,21	1,24	1,29	1,24
Lituania				1,39	1,30	1,24	1,26	1,26
Luxemburgo	1,48	1,55	1,60	1,76	1,66	1,63	1,63	1,70
Malta				1,72	1,72	1,46	1,46	1,37
Polonia				1,34	1,29	1,24	1,22	1,23
Portugal	2,58	2,13	1,57	1,55	1,45	1,47	1,44	1,42
Reino Unido	1,74	1,82	1,81	1,64	1,63	1,64	1,71	1,74
República Checa				1,14	1,14	1,17	1,18	1,23
República Eslovaca				1,30	1,20	1,18	1,20	1,25
Suecia	1,68	1,63	2,11	1,54	1,57	1,65	1,71	1,75

Fonte: New Cronos. EUROSTAT

A taxa de fecundidade galega de 2004 (unha filla ou fillo por muller) está moi por baixo da de todos os estados da Unión Europea, mentres que a española supera a de sete estados comunitarios (Grecia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia e as Repúblicas Checa e Eslovaca) anque certamente a diferenza máxima é moi pequena (só dunha décima porcentual).

3.1.3. Poboación estranxeira

A importante chegada de poboación do estranxeiro é un dos fenómenos demográficos característicos da poboación galega (e sobre todo da española) na alborada do século XXI, sen a que non é posible entender os datos do forte aumento de poboación española do último quinquenio ou das subas da natalidade e do índice de fecundidade en Galicia ou (con maior intensidade) España.

O cadro 3.8 recolle os últimos datos que o INE aportou de xeito definitivo (que van ser a base do noso estudo); a súa análise explícita o aumento continuado da poboación estranxeira en Galicia nos últimos anos (agás nun ano) de xeito que ao comezar o ano 2005 é máis do triplo que ao comezo de 1998.

Poboación estranxeira en Galicia. 1998-2005

■ Cadro 3.8

1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
19.693	21.787	25.602	33.058	42.462	53.808	58.387	69.363	71800*

* Dato provisional

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes. Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

■ Cadro 3.9

Poboación total e poboación estranxeira. Por CCAA. 2004-2005.

	Poboación total			Estranxeiros				Variación relativa (en %)
	2004	2005	Variación relativa (en%)	2004		2005		
				Nº persoas	% respecto á poboación total	Nº persoas	% respecto á poboación total	
Andalucía	7.687.518	7.849.799	2,11	321.570	4,18	420.207	5,35	30,67
Cataluña	6.813.319	6.995.206	2,67	642.846	9,44	798.904	11,42	24,28
Madrid	5.804.829	5.964.143	2,74	664.255	11,44	780.752	13,09	17,54
C. Valenciana	4.543.304	4.692.449	3,28	464.317	10,22	581.985	12,40	25,34
Galicia	2.750.985	2.762.198	0,41	58.387	2,12	69.363	2,51	18,80
C. León	2.493.918	2.510.849	0,68	71.300	2,86	91.318	3,64	28,08
País Vasco	2.115.279	2.124.846	0,45	59.166	2,80	72.894	3,43	23,20
Canarias	1.915.540	1.968.280	2,75	185.781	9,70	222.260	11,29	19,64
C. A Mancha	1.848.881	1.894.667	2,48	88.858	4,81	115.223	6,08	29,67
Murcia	1.294.694	1.335.792	3,17	132.918	10,27	165.016	12,35	24,15
Aragón	1.249.584	1.269.027	1,56	77.545	6,21	96.848	7,63	24,89
Extremadura	1.075.286	1.083.879	0,80	20.066	1,87	25.341	2,34	26,29
Asturias	1.073.761	1.076.635	0,27	22.429	2,09	26.797	2,49	19,47
Baleares	955.045	983.131	2,94	131.423	13,76	156.270	15,90	18,91
Navarra	584.734	593.472	1,49	43.376	7,42	49.882	8,41	15,00
Cantabria	554.784	562.309	1,36	16.364	2,95	20.547	3,65	25,56
A Rioxa	293.553	301.084	2,57	24.988	8,51	31.075	10,32	24,36
Ceuta	74.654	75.276	0,83	2.863	3,84	3.037	4,03	6,08
Melilla	68.016	65.488	-3,72	5.874	8,64	2.891	4,41	-50,78
España	43.197.684	44.108.530	2,11	3.034.326	7,02	3.730.610	8,46	22,95

(1) Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

Fonte: INE. "Explotación estadística del Padrón Municipal a 1-1-2005".

O seguimento da evolución no bienio 2004-2005 das poboacións estranxeira e total en cada unha das comunidades autónomas (e no total español) podemos facelo ao fío do cadro 3.9; subliñaremos que:

■ Se no último ano do que aporta datos o INE o crecemento da poboación de Galicia (0'41%) foi tan só a quinta parte da estatal (2'11%) a diferenza é moito menor na suba porcentual da poboación estranxeira, pois a residente en Galicia subiu nun 18'80% e a española un 22'95%.

■ A porcentaxe de poboación estranxeira residente en España sobre a poboación total no último ano (8'46%) é máis do triplo que a galega (2'51%); á vista do comentado no parágrafo anterior a forte brecha entre ambos ámbitos territoriais abriuse fortemente xa nos anos anteriores, aunque se ampliou en 2005.

Poboación estranxeira. Por nacionalidade. Galicia. 2001-2005

■ Cadro 3.10

	2001	2002	2003	2004	2005
Total	33.058	42.462	53.808	58.387	69.363
Nacionalidades europeas	14.985	16.761	18.840	18.904	22.432
Nacionalidades africanas	2.781	3.645	4.518	5.108	6.249
América Central	2.526	2.919	3.427	3.437	3.938
América do Norte	1.176	1.350	1.649	1.599	1.844
América do Sur	10.783	16.839	24.257	28.070	33.330
Nacionalidades asiáticas	753	887	1.023	1.164	1.427
Oceanía	50	58	92	104	119
Apátridas	4	3	2	1	24

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes. Datos a 1 de xaneiro.

Atendendo á nacionalidade desa poboación estranxeira, o cadro 3.10 reflite que desde 2002 as persoas de América do Sur sobrepasan ao colectivo que tradicionalmente ocupaba o primeiro posto (os doutros estados europeos distintos do español). A suba das persoas chegadas a Galicia de Sudamérica foi dun 209% no último cuatrienio.

A desagregación por sexos que figura no cadro 3.11 para o ano 2005 permite sobrancear que as mulleres son un 52,16% do total de poboación estranxeira e os homes un 47,84%; a diferenza a prol das mulleres é especialmente alta na poboación procedente de América do Sur e Central.

Os datos provisionais do Padrón de Habitantes a día 1 de xaneiro de 2006 certifican que as tres comunidades autónomas, cunha menor porcentaxe de poboación estranxeira son Extremadura, Galicia e Asturias (as tres por baixo do 3%); no ano 2005 a suba da poboación estranxeira en Galicia estivo moi por riba do promedio estatal (como se vé no gráfico adxunto, no que figuran os datos das diferentes comunidades autónomas) e aumentou nas catro provincias galegas, con especial intensidade en Lugo e Ourense.

Seis nacionalidades (portuguesa, colombiana, brasileira, arxentina, uruguaia e venezolana) concentran un 56% do total de poboación estranxeira residente en Galicia a 1 de xaneiro de 2006.

Poboación estranxeira. Segundo sexo e nacionalidade. Galicia. 2005

■ **Cadro 3.11**

	Total	Homes	Mulleres
Total	69.363	33.180	36.183
Nacionalidades europeas	22.432	12.278	10.154
Unión Europea (UE-25)	18.411	10.299	8.112
Alemaña	954	533	421
Francia	1.226	616	610
Italia	2.206	1.325	881
Portugal	11.673	6.608	5.065
Reino Unido	1.135	609	526
Rumanía	1.687	809	878
Rusia	463	180	283
Suíza	497	220	277
Nacionalidades africanas	6.249	4.372	1.877
Marrocos	3.411	2.274	1.137
América Central	3.938	1.427	2.511
Cuba	1.894	851	1.043
República Dominicana	1.624	426	1.198
América do Norte	1.844	823	1.021
Estados Unidos	1.128	540	588
América do Sur	33.330	13.354	19.976
Arxentina	7.618	3.644	3.974
Brasil	4.662	1.439	3.223
Colombia	8.310	2.547	5.763
Ecuador	1.633	669	964
Uruguai	4.064	2.037	2.027
Venezuela	4.220	1.699	2.521
Nacionalidades asiáticas	1.427	839	588
Oceanía	119	65	54
Apátridas	24	22	2

Fonte. INE. Padrón Municipal de Habitantes. Datos a 1 de xaneiro.

■ **Cadro 3.12**

Emigracións, inmigracións e saldos migratorios. Galicia. 1995-2004.

	Emigración			Inmigración			Saldo migratorio		
	Externa	A outra CA	Ao estranxeiro	Externa	Doutra CA	Do estranxeiro	Externo	Co resto de España	Co estranxeiro
1995	10.410	10.410		14.365	10.011	4.354	3.955	-399	3.556
1996	8.110	8.110		9.638	6.434	3.204	1.528	-1.676	-148
1997	11.653	11.653		15.423	9.515	5.908	3.770	-2.138	1.632
1998	14.169	14.169		17.445	10.595	6.850	3.276	-3.574	-298
1999	15.880	15.880		19.248	10.742	8.506	3.368	-5.138	-1.770
2000	17.281	17.281		24.175	11.628	12.547	6.894	-5.653	1.241
2001	16.028	16.028		23.194	11.799	11.395	7.166	-4.229	2.937
2002	22.877	18.684	4.193	33.218	15.032	18.186	10.341	-3.653	6.689
2003	22.548	20.297	2.251	33.723	16.670	17.053	11.175	-3.627	7.548
2004	22.645	20.208	2.437	37.697	18.331	19.366	15.052	-1877	13.175

Fonte: INE. Estadística de Variaciones Residenciales. Elaboración do IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

Nota: Na emigración externa, nos anos anteriores ao 2002, non se inclúe a emigración ao estranxeiro.

Inmigración, emigración e saldo migratorio. Por comunidades autónomas.
■ Cadro 3.13

	Inmigracións	Emigracións	Saldo
Andalucía	223.657	211.482	12.175
Aragón	35.999	35.760	239
Asturias	25.493	26.189	-696
Baleares	46.020	44.660	1.360
Canarias	82.528	82.655	-127
Cantabria	23.068	21.904	1.164
C. León	80.650	84.805	-4.155
C. A Mancha	77.384	62.766	14.618
Cataluña	332.586	342.362	-9.776
C. Valenciana	183.438	168.076	15.362
Extremadura	23.150	24.518	-1.368
Galicia	78.533	78.440	93
Madrid	215.166	245.160	-29.994
Murcia	43.241	37.846	5.395
Navarra	24.065	23.742	323
País Vasco	60.221	63.928	-3.707
A Ríoxa	11.212	11.170	42
Ceuta	1.913	2.490	-577
Melilla	2.037	2.408	-371
España	1.570.361	1.570.361	0

Fonte. INE. Estadística de Variaciones Residenciales.

Inmigración, emigración e saldo migratorio. Galicia. Por provincias. 2005
■ Cadro 3.14

	Inmigracións	Emigracións	Saldo
A Coruña	35.621	34.849	772
Lugo	8.295	8.235	60
Ourense	10.426	11.235	-812
Pontevedra	24.191	24.118	73

Fonte. INE. Estadística de Variaciones Residenciales.

Emigración galega intraestatal. Por comunidade autónoma de destino. 2005.
■ Cadro 3.15

	De españois	De estranxeiros
Total	70.294	8.146
Andalucía	1.189	298
Aragón	300	87
Asturias	903	119
Baleares	888	133
Canarias	3.477	468
Cantabria	233	63
Castela e León	1.223	212
Castela A Mancha	333	127
Cataluña	2.259	561
C. Valenciana	1.077	458
Extremadura	134	27
Galicia	54.356	4.575
Madrid	2.485	624
Murcia	282	127
Navarra	203	57
País Vasco	791	162
A Ríoxa	108	42
Ceuta	22	3
Melilla	31	3

Fonte: INE, Estadística de Variaciones Residenciales

Inmigración extraestatal de estranxeiros. Por grupos de idade. España e Galicia. 2005

■ Cadro 3.16

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	682.711	14.057	5.122	1.671	1.819	5.445
Menos de 16 anos	98.180	2.238	842	277	264	855
De 16 a 24 anos	153.497	3.140	1.121	367	476	1.176
De 25 a 34 anos	212.093	4.327	1.615	497	543	1.672
De 35 a 44 anos	111.582	2.368	831	311	298	928
De 45 a 54 anos	55.487	1.120	388	128	144	460
De 55 a 64 anos	33.473	533	201	50	63	219
De 65 anos e máis	18.399	331	124	41	31	135

Fonte: INE. Estadística de Variaciones Residenciales.

Inmigración extraestatal de españois. Por grupos de idade. España e Galicia. 2005

■ Cadro 3.17

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	36.573	11.252	5.776	2.439	1.047	1.963
Menos de 16 anos	8.259	1.886	964	442	120	360
De 16 a 24 anos	4.050	858	439	172	69	178
De 25 a 34 anos	7.069	1.597	815	395	97	290
De 35 a 44 anos	4.603	1.353	691	309	130	223
De 45 a 54 anos	3.571	1.461	754	317	168	222
De 55 a 64 anos	4.411	2.090	1.079	418	250	343
De 65 anos e máis	4.610	2.007	1.034	386	240	347

Fonte: INE. Estadística de Variaciones Residenciales.

■ Cadro 3.18

Emigración da xuventude^(a). Galicia. 1998-2004

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Total xoves	790.623	785.824	783.355	775.677	766.848	758.749	743.522
Xoves que emigran	7.875	8.870	9.687	9.235	12.217	12.035	11.981

(a) Persoas de 16 a 34 anos.

Fonte: INE. Padrón e Estadística de Variaciones Residenciales.

3.2. Estudo das variables laborais. Cambio metodolóxico

No resto deste capítulo analizaremos o comportamento das variables básicas do mercado laboral galego no último ano, e enxertarémolas nun contorno temporal máis amplo, para estudar mellor a súa evolución. Cómpre subliñar, no tocante á EPA, que o INE vén de realizar unha nova revisión no primeiro trimestre do ano 2005 que fai cambiar substancialmente a radiografía dos mercados laborais galego e español.

Os cambios introducidos na EPA a partir do primeiro trimestre de 2005 foron os seguintes:

I.- *Actualización da base de poboación utilizada*, para ter en conta o importante incremento de poboación estranxeira en España, xa que a proporción que supón este colectivo sobre a poboación total española multiplicouse por seis na última década (dun 1,37% en 1996 pasou a un 8,46% en 2006); o INE revisou a serie es-

estatística 1996-2004 o 30 de marzo de 2005 coa nova base poboacional, polo que existe continuidade na mesma.

No que respecta a Galicia, esta cuantificación do cambio de base poboacional (respecto do computado anteriormente) supón que cos datos do ano 2004 baixaría a cifra das persoas activas en 40.375, a das ocupadas en 36.650, a das desempregadas en 3.725, a taxa de actividade e de emprego nun punto e baixaría nunha décima a taxa de desemprego.

Se nos centramos no cambio que supón para a poboación ocupada, só implica unha diminución en Galicia, Extremadura e Ceuta-Melilla, mentres que supón unha suba nas outras quince comunidades autónomas (especialmente grande nas que teñen unha maior porcentaxe de estranxeiros respecto da poboación total, como: Baleares, Murcia, Madrid, A Rioxa, Cataluña ou Comunidade Valenciana); no total estatal, supón unha suba da ocupación de 854.300 persoas (o que representa un 5% máis que coa anterior base poboacional).

2) O INE modificou tamén o cálculo dos *factores de elevación*, aspecto técnico co que se quere reflectir mellor o peso específico que ten a poboación estranxeira en determinados sectores e profesións (como por exemplo na construción, na hostalería ou como asalariados na agricultura); esta reponderación dos factores de elevación quere corrixir axeitadamente a maior falla de resposta do colectivo de poboación estranxeira á enquisa, porque a EPA é unha enquisa dirixida aos fogares e o INE atopa dificultades para entrevistar á poboación inmigrante debido a que unha parte non reside en fogares familiares e noutros casos a situación administrativa irregular ("sen papeis") ou as dificultades para a comprensión do idioma dificultan o logro da entrevista.

3.- Vén regulamentado pola Oficina Estatística da Unión Europea (Eurostat) e consiste en que:

■ Aplícase a incorporación das novas variables esixidas no Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello 2257/2003, que especifica que deben introducirse na Enquisa de Forza de Traballo Comunitaria (e, xa que logo, tamén na EPA) seis novas variables, para coñecer mellor a xornada laboral real ou a conciliación das vidas laboral e familiar, entre outras.

■ Autorízase a aplicación do sistema de submostras para unha parte das preguntas do cuestionario (aquelas das que non cómpre dar necesariamente información trimestral, senón que chega con que sexa anual).

4) Prodúcese unha modernización do método de recollida da información nas enquisas da EPA, o que supón:

■ Cambios no cuestionario, cunha suba do número de preguntas.

■ Haberá unha estandarización do método de entrevista, polo que nas entrevistas telefónicas vaise utilizar o método CATI (*Computer Assisted Telephone Interview*); manterase a entrevista persoal nos fogares para a primeira visita dos entrevistados (e seguirá sendo entrevistado con visitas persoais o fogar que o prefira).

3.3. Resumo das principais variables laborais

Comezaremos o estudo do mercado de traballo en Galicia co resumo da evolución xeral no último trienio en Galicia de distintas variables nas que logo afondaremos ao longo deste mesmo capítulo: A poboación de 16 ou máis anos, a activa, a ocupada, a parada e a inactiva. O cadro 3.19 amosa que no ano 2005:

■ A poboación galega **de 16 e máis anos** presentou un aumento do 0,36 %, semellante ao do ano anterior.

■ A poboación **activa** galega estabilizouse, mentres que tivera unha forte suba (2,31%) no anterior.

■ A poboación **ocupada** de Galicia creceu con moita máis forza que no ano anterior (desta volta un 4,3 %, fronte ao 1,3 % de 2004).

■ O **paro estimado** pola EPA de Galicia baixou intensamente (un 27%) en contraste coa forte suba de 2004.

■ A poboación **inactiva**, ao contrario do ocorrido en 2004, subiu e fíxoo nun 0,7%.

Principais variables laborais. Galicia e provincias. 2003-2005

■ Cadro 3.19

	2003	2004	2005
Poboación de 16 e máis anos			
Galicia	2.348,3	2.357,3	2.365,9
A Coruña	959,7	964,3	968,9
Lugo	313,6	312,6	311,6
Ourense	296,4	296,1	295,2
Pontevedra	778,6	784,3	790,2
Poboación activa			
Galicia	1.225,2	1.254,2	1.254,8
A Coruña	511,9	525,5	520,3
Lugo	153,1	157,5	154,8
Ourense	136,8	135,5	138,3
Pontevedra	423,4	435,7	441,4
Poboación ocupada			
Galicia	1.069,5	1.083,6	1.130,0
A Coruña	440,9	448,0	469,0
Lugo	140,6	144,0	144,5
Ourense	125,2	117,5	123,7
Pontevedra	362,8	374,1	392,8
Poboación parada			
Galicia	155,7	170,6	124,8
A Coruña	71,0	77,5	51,3
Lugo	12,4	13,5	10,3
Ourense	11,6	18,0	14,5
Pontevedra	60,7	61,6	48,7
Poboación inactiva			
Galicia	1.123,1	1.103,2	1.111,0
A Coruña	447,8	438,9	448,5
Lugo	160,5	155,1	156,8
Ourense	159,6	160,6	156,9
Pontevedra	355,2	348,6	348,8

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.

Fonte: INE. EPA. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

Ese mesmo cadro permítelle ás persoas interesadas realizar unha análise desagregada por provincias da evolución das cinco variables laborais estudadas. A diferenciación por sexos dos datos de 2005 figuran no cadro 3.20 e a súa análise máis a fondo nos distintos epígrafes deste capítulo (poboacións activa, ocupada, desempregada e inactiva); salientaremos tan só aquí que, anque hai máis mulleres que homes de 16 ou máis anos, as mulleres tan só son maioritarias nas poboacións inactiva e desempregada.

Principais variables laborais. Por sexos. Galicia. 2005

■ Cadro 3.20

	2005		
	Total	Homes	Mulleres
Poboación de 16 ou máis anos	2.365,9	1.128,5	1.237,4
Poboación activa	1.254,8	706,6	548,2
Poboación ocupada	1.130,1	655,9	474,2
Poboación parada	124,8	50,7	74,1
Poboación inactiva	1.111,0	421,9	689,1

Datos en miles. Medias anuais.

Fonte: INE, EPA. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

3.4. Poboación activa e taxa de actividade

Neste apartado afondaremos no estudo da poboación activa galega, analizando primeiro a evolución da poboación activa e da taxa de actividade (porcentaxe de persoas activas respecto da poboación de dezaseis e máis anos) e despois a distribución da poboación activa por grupos de idade e provincias.

Comezaremos o estudo da poboación activa coa presentación da súa evolución por comunidades autónomas no último trienio. O cadro 3.21 reflete que:

■ Galicia foi a única comunidade na que a súa poboación activa no cuarto trimestre de 2005 é menor en comparanza coa do mesmo período de 2004; a maior suba porcentual tivérona A Rioxa e Ceuta-Melilla.

■ En Galicia baixou en 2005 un 1% a súa poboación activa, en contraste coa forte suba da media española (3'5%) e baixou intensamente (tres décimas porcentuais, que representan case un 5% de diminución) a participación porcentual de Galicia na poboación activa de España.

O cadro 3.22 amosa que, cos valores do cuarto trimestre:

■ A taxa de actividade baixou en Galicia en 2005 sete décimas, mentres que a estatal subiu un punto e queda co menor diferencial do período analizado.

■ As maiores taxas de actividade preséntanas Madrid, Cataluña, Navarra e Baleares e as menores son as de Asturias, Extremadura, Galicia e Castela-León.

■ Cadro 3.21

Poboación activa por comunidades autónomas. 2003-2005

	Valores absolutos			Distribución			Variacións anuais					
	Miles			porcentual			Miles			%		
	T IV 03	T IV 04	T IV 05	T IV 03	T IV 04	T IV 05	T IV 03	T IV 04	T IV 05	T IV 03	T IV 04	T IV 05
Andalucía	3.280,1	3.389,1	3.510,5	16,6	16,6	16,6	114,5	109,0	121,4	3,6	3,3	3,6
Aragón	558,4	577,5	602,9	2,8	2,8	2,8	18,3	19,1	25,4	3,4	3,4	4,4
Asturias	442,7	430,6	457,0	2,2	2,1	2,2	22,9	-12,1	26,4	5,5	-2,7	6,1
Baleares	474,2	488,8	494,1	2,4	2,4	2,3	23,6	14,6	5,3	5,2	3,1	1,1
Canarias	912,1	922,1	966,2	4,6	4,5	4,6	50,3	10,0	44,1	5,8	1,1	4,8
Cantabria	250,4	252,4	265,9	1,3	1,2	1,3	12,2	2,0	13,5	5,1	0,8	5,3
Castela e León	1.055,5	1.092,2	1.128,0	5,3	5,3	5,3	20,0	36,7	35,8	1,9	3,5	3,3
Castela A Mancha	776,2	815,5	861,9	3,9	4,0	4,1	29,1	39,3	46,4	3,9	5,1	5,7
Cataluña	3.385,1	3.453,8	3.598,2	17,1	16,9	17,0	164,4	68,7	144,4	5,1	2,0	4,2
C. Valenciana	2.121,3	2.234,1	2.289,0	10,7	10,9	10,8	92,5	112,8	54,9	4,6	5,3	2,5
Extremadura	437,4	454,4	454,3	2,2	2,2	2,1	6,0	17,0	-0,1	1,4	3,9	0,0
Galicia	1.236,7	1.264,7	1.251,7	6,2	6,2	5,9	42,5	28,0	-13,0	3,6	2,3	-1,0
Madrid	2.816,1	2.952,8	3.084,2	14,2	14,4	14,6	102,1	136,7	131,4	3,8	4,9	4,5
Murcia	590,7	615,7	631,7	3,0	3,0	3,0	32,0	25,0	16,0	5,7	4,2	2,6
Navarra	272,2	280,7	299,3	1,4	1,4	1,4	9,0	8,5	18,6	3,4	3,1	6,6
País Vasco	1.016,7	1.029,0	1.048,4	5,1	5,0	5,0	22,4	12,3	19,4	2,3	1,2	1,9
A Rioxa	129,2	140,6	153,7	0,7	0,7	0,7	5,2	11,4	13,1	4,2	8,8	9,3
Ceuta e Melilla	56,7	53,5	58,6	0,3	0,3	0,3	7,6	-3,2	5,1	15,5	-5,6	9,5
España	19.811,7	20.447,5	21.155,6	100,0	100,0	100,0	774,5	635,8	708,1	4,1	3,2	3,5

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral Nº 76, marzo 2006)

Taxas de actividade por comunidades autónomas. 2003-2005.

■ Cadro 3.22

	Valores das taxas			Variacións anuais		
	En porcentaxe			En puntos porcentuais		
	T IV 03	T IV 04	T IV 05	T IV 03	T IV 04	T IV 05
Andalucía	53,4	54,2	55,1	1,0	0,8	0,9
Aragón	53,3	54,5	56,2	1,2	1,2	1,7
Asturias	47,2	45,9	48,8	2,4	-1,3	2,8
Baleares	61,7	61,8	60,8	1,4	0,1	-1,1
Canarias	59,6	58,7	60,0	1,8	-0,9	1,3
Cantabria	53,4	53,2	55,4	2,1	-0,2	2,2
C. A Mancha	51,7	53,1	54,9	0,9	1,5	1,8
C. León	49,8	51,3	52,8	0,8	1,5	1,5
Cataluña	60,6	60,6	61,8	1,8	0,0	1,2
C. Valenciana	57,7	59,2	59,0	1,0	1,5	-0,2
Extremadura	49,8	51,4	51,1	0,3	1,6	-0,3
Galicia	52,6	53,6	52,8	1,6	1,0	-0,7
Madrid	59,1	60,7	62,3	0,9	1,7	1,5
Murcia	57,7	58,5	58,4	1,6	0,8	-0,1
Navarra	56,9	57,9	61,1	1,2	1,1	3,1
País Vasco	56,3	56,8	57,6	1,1	0,5	0,9
A Rioxa	52,9	56,4	60,3	1,0	3,5	4,0
Ceuta e Melilla	53,8	50,6	55,5	7,1	-3,2	5,0
España	55,9	56,7	57,7	1,3	0,8	1,0

Series revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2005 (cambio de base de poboación)

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral Nº 76, marzo 2006)

A diferenciación por sexos das taxas de actividade galega nos oito últimos trimestres de elaboración da EPA (e as dúas medias anuais correspondentes) reflicte que:

■ Nos homes a media de 2005 segue igual que no anterior; mentres que nas mulleres baixou tres décimas.

■ Como consecuencia desa evolución, no último ano ampliouse en tres décimas o diferencial entre as taxas de actividades masculina e feminina, quedando en 10'3 puntos a prol dos homes.

Taxa de actividade por sexo. Galicia. 2004-2005.

■ Cadro 3.23

	Total	Homes	Mulleres
2004*	53,2	62,6	44,6
2004/I	53,1	62,3	44,7
2004/II	53,1	62,6	44,5
2004/III	53,1	62,6	44,4
2004/IV	53,6	63,1	44,9
2005*	53,0	62,6	44,3
2005/I	52,8	62,8	43,7
2005/II	53,0	62,5	44,3
2005/III	53,5	63,6	44,3
2005/IV	52,8	61,6	44,9

Datos en porcentaxe. Metodoloxía EPA 2005.

*Medias anuais

Fonte: INE, EPA. Elaboración polo IGE.

Taxa de actividade por sexo e provincia. Galicia. 2003-2005.

■ Cadro 3.24

	Total	Homes	Mulleres
2003			
Galicia	52,2	62,2	43,0
A Coruña	53,3	63,4	44,2
Lugo	48,8	56,5	41,7
Ourense	46,2	56,1	36,8
Pontevedra	54,4	65,4	44,5
2004			
Galicia	53,2	62,6	44,6
A Coruña	54,5	63,7	46,0
Lugo	50,4	59,4	42,3
Ourense	45,8	54,8	37,5
Pontevedra	55,6	65,5	46,5
2005			
Galicia	53,0	62,6	44,3
A Coruña	53,7	61,8	46,2
Lugo	49,7	60,2	40,0
Ourense	46,8	56,8	38,1
Pontevedra	55,9	66,7	46,0

Datos en porcentaxe. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

A diferenza por sexos das taxas de actividade (para Galicia e cada unha das provincias) figura no cadro 3.24, no que subliñaremos:

■ Por provincias, a taxa de actividade global subiu en Ourense e Pontevedra e baixou nas outras dúas.

■ A análise cruzada das taxas de actividade por sexo e provincia subliña que a feminina subiu na Coruña e Ourense e a masculina só baixou na Coruña.

No cadro 3.25 ofrecemos os datos da poboación activa das catro provincias galegas no último trienio, para poñer a disposición das persoas interesadas datos que permitan afondar no seu estudo; subliñaremos só que:

■ En 2005 a poboación activa subiu nas provincias de Ourense e Pontevedra e baixou nas outras dúas.

■ No último bienio só en Pontevedra creceu nos dous anos a poboación activa (e fíxoo con maior intensidade en 2004).

■ Cadro 3.25

Poboación activa por provincias. 2003-2005.

	2003	2004	2005
Galicia	1225,2	1254,2	1254,8
A Coruña	511,9	525,5	520,3
Lugo	153,1	157,5	154,8
Ourense	136,8	135,5	138,3
Pontevedra	423,4	435,7	441,4

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

3.5. A poboación ocupada

De forma semellante ao estudo que no anterior epígrafe fixemos coa poboación activa, analizaremos agora a poboación ocupada; en primeiro lugar estudaremos a súa evolución no último trienio nas distintas comunidades autónomas e a taxa de ocupación, para posteriormente analizar cómo se distribúe en Galicia a poboación ocupada por sexos, sectores económicos, provincias, grupos de idade e situación profesional.

3.5.1. Poboación ocupada e taxa de ocupación

O cadro 3.26 preséntanos os datos da poboación ocupada en cada unha das comunidades autónomas no cuarto trimestre no último trienio, así como a variación que en termos absolutos e relativos presentou cada unha delas. Salientaremos que:

■ O emprego subiu en todas as comunidades no último ano; a maior intensidade na xeración de emprego presentárona Cantabria, Cataluña, Asturias e A Rioxa mentres que a menor suba porcentual da ocupación tivérona Baleares, Ceuta-Melilla, Estremadura e Galicia.

■ En Galicia subiu o emprego en 2005 medio punto porcentual menos que no ano anterior; respecto do promedio estatal, o ritmo galego de crecemento da ocupación foi pouco máis da metade.

■ A participación de Galicia no total de ocupación española no último trienio baixou cunha cadencia dunha décima porcentual por ano e está nos tres anos analizados por baixo do noso peso demográfico no conxunto do estado.

■ Cadro 3.26

Poboación ocupada por comunidades autónomas. 2003-2005.

	Valores absolutos			Distribución			Variacións anuais					
	Miles			porcentual			Miles			%		
	T IV 03	T IV 04	T IV 05	T IV 03	T IV 04	T IV 05	T IV 03	T IV 04	T IV 05	T IV 03	T IV 04	T IV 05
Andalucía	2.675,7	2.844,7	3.025,2	15,2	15,6	15,7	154,0	169,0	180,5	6,1	6,3	6,3
Aragón	522,5	545,6	568,8	3,0	3,0	2,9	17,7	23,1	23,2	3,5	4,4	4,3
Asturias	398,5	386,0	413,3	2,3	2,1	2,1	20,4	-12,5	27,3	5,4	-3,1	7,1
Baleares	427,5	449,5	457,1	2,4	2,5	2,4	15,5	22,0	7,6	3,8	5,1	1,7
Canarias	801,1	822,9	863,2	4,6	4,5	4,5	36,6	21,8	40,3	4,8	2,7	4,9
Cantabria	224,6	224,0	244,4	1,3	1,2	1,3	11,8	-0,6	20,4	5,5	-0,3	9,1
C. A Mancha	700,3	731,8	781,0	4,0	4,0	4,0	26,3	31,5	49,2	3,9	4,5	6,7
C. León	939,2	977,0	1.031,7	5,3	5,3	5,3	8,7	37,8	54,7	0,9	4,0	5,6
Cataluña	3.061,1	3.130,1	3.359,2	17,4	17,1	17,4	175,3	69,0	229,1	6,1	2,3	7,3
C. Valenciana	1.893,6	2.009,0	2.105,7	10,8	11,0	10,9	83,7	115,4	96,7	4,6	6,1	4,8
Extremadura	362,2	374,2	384,7	2,1	2,0	2,0	12,9	12,0	10,5	3,7	3,3	2,8
Galicia	1.069,7	1.105,7	1.137,4	6,1	6,0	5,9	18,7	36,0	31,7	1,8	3,4	2,9
Madrid	2.614,6	2.748,7	2.901,5	14,9	15,0	15,0	90,6	134,1	152,8	3,6	5,1	5,6
Murcia	527,4	555,0	584,8	3,0	3,0	3,0	32,7	27,6	29,8	6,6	5,2	5,4
Navarra	255,6	266,3	281,5	1,5	1,5	1,5	6,6	10,7	15,2	2,7	4,2	5,7
País Vasco	916,6	934,6	981,3	5,2	5,1	5,1	17,1	18,0	46,7	1,9	2,0	5,0
A Rioxa	120,9	134,4	143,7	0,7	0,7	0,7	4,0	13,5	9,3	3,4	11,2	6,9
Ceuta e Melilla	48,5	48,5	49,7	0,3	0,3	0,3	1,5	0,0	1,2	3,2	0,0	2,5
España	17.559,7	18.288,1	19.314,3	100,0	100,0	100,0	734,3	728,4	1.026,2	4,4	4,1	5,6

Series revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2005.

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano (Elaboración do MTAS: Coyuntura Laboral Nº 76, marzo 2006)

A análise taxa de ocupación (porcentaxe de ocupados respecto da poboación de dezaseis ou máis anos) do cadro 3.27 reflite que cos datos do cuarto trimestre de cada ano:

■ Esta taxa presentou en Galicia (e tamén en España) unha clara tendencia ascendente no último trienio. No ano 2004 destacaron pola súa suba porcentual Cantabria e Asturias mentres que baixou a taxa de ocupación en Baleares e a suba máis pequena tivérona Extremadura, Comunidade Valenciana, Canarias e Galicia.

■ A taxa de emprego de Galicia segue a estar en 2005 por baixo da estatal e o diferencial (4,7 puntos) queda sete décimas porcentuais por riba da do anterior ano.

■ Na análise comparativa por comunidades autónomas vese que a nosa taxa de emprego (48%) está bastante máis próxima á menor (Extremadura: 43,3%) que á maior (Madrid: 58,6%); en tres comunidades (e nas cidades autónomas: Ceuta - Melilla) está por baixo de Galicia: Extremadura, Asturias e Andalucía.

Taxas de ocupación por comunidades autónomas. 2003-2005.

■ **Cadro 3.27**

	Valores das taxas En porcentaxe			Variacións anuais En puntos porcentuais		
	T IV 03	T IV 04	T IV 05	T IV 03	T IV 04	T IV 05
Andalucía	43,6	45,5	47,5	1,8	1,9	2,0
Aragón	49,9	51,5	53,1	1,2	1,6	1,6
Asturias	42,5	41,2	44,1	2,1	-1,3	2,9
Baleares	55,6	56,9	56,2	0,4	1,3	-0,7
Canarias	52,4	52,4	53,6	1,1	0,1	1,2
Cantabria	47,9	47,2	50,9	2,0	-0,7	3,7
C. A Mancha	46,6	47,7	49,8	0,8	1,1	2,1
C. León	44,3	45,9	48,2	0,3	1,6	2,4
Cataluña	54,8	54,9	57,7	2,1	0,1	2,8
C. Valenciana	51,5	53,2	54,3	0,9	1,7	1,1
Extremadura	41,3	42,3	43,3	1,1	1,1	0,9
Galicia	45,5	46,8	48,0	0,6	1,4	1,2
Madrid	54,8	56,5	58,6	0,7	1,7	2,0
Murcia	51,5	52,7	54,0	1,9	1,2	1,3
Navarra	53,4	55,0	57,4	0,7	1,6	2,5
País Vasco	50,7	51,6	53,9	0,8	0,8	2,4
A Ríoxa	49,5	53,9	56,4	0,6	4,4	2,5
Ceuta e Melilla	45,9	45,9	47,1	1,3	-0,1	1,3
España	49,6	50,8	52,7	1,3	1,2	2,0

Series revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2005

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano. Elaboración do MTAS, Coyuntura Laboral Nº 76, marzo 2006.

A desagregación por sexos das taxas de emprego que figuran no cadro 3.28 para os oito últimos trimestres de elaboración da EPA (e as dúas medias anuais correspondentes) reflite que:

■ Nos homes a media de 2005 avanzou 1,2 puntos respecto do ano anterior, e nas mulleres a suba foi maior (2,3 puntos) en especial en termos relativos, porque parten dunha taxa de emprego moi inferior á masculina.

■ Como consecuencia desa evolución, no último ano reduciuse en 1,1 puntos o diferencial entre as taxas de actividades masculina e feminina, quedando aínda así e todo cunha notable diverxencia (19,8 puntos a prol dos homes).

A análise da taxa de ocupación das provincias galegas (coa súa diferenciación por sexos) do cadro 3.29 amosa que:

■ As dúas provincias máis desenvolvidas (A Coruña e Pontevedra) presentan en 2005 as maiores taxas mentres que Ourense ten claramente o valor máis baixo (5,9 puntos porcentuais por baixo do promedio galego).

Taxa de ocupación por sexo. Galicia. 2004-2005.

■ Cadro 3.28

	Taxa de ocupación		
	Total	Homes	Mulleres
2004*	46,0	56,9	36,0
2004/I	45,3	56,2	35,3
2004/II	45,6	56,8	35,3
2004/III	46,2	57,1	36,3
2004/IV	46,8	57,4	37,2
2005*	47,8	58,1	38,3
2005/I	47,1	57,7	37,3
2005/II	47,1	57,5	37,5
2005/III	48,9	59,6	39,1
2005/IV	48,0	57,6	39,3

Datos en porcentaxe. Metodoloxía EPA. 2005.

*Medias anuais

Fonte:INE, EPA. Elaboración do IGE.

Taxa de ocupación por sexo e provincia. 2003-2005.

■ Cadro 3.29

	Total	Homes	Mulleres
2003			
Galicia	45,5	57,0	35,1
A Coruña	45,9	57,6	35,3
Lugo	44,8	53,2	37,1
Ourense	42,2	52,7	32,3
Pontevedra	46,6	59,4	35,2
2004			
Galicia	46,0	56,9	36,0
A Coruña	46,5	57,3	36,5
Lugo	46,1	56,8	36,5
Ourense	39,7	49,2	31,0
Pontevedra	47,7	59,3	37,1
2005			
Galicia	47,8	58,1	38,3
A Coruña	48,4	57,2	40,4
Lugo	46,4	57,4	36,2
Ourense	41,9	52,3	32,8
Pontevedra	49,7	61,7	38,7

Datos en porcentaxe. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

■ Na desagregación por sexos, conséntase que nos dous a taxa de ocupación é especialmente baixa na provincia de Ourense (5,8 puntos menos que a galega nos homes e 5,5 puntos menos nas mulleres).

Xa en anteriores *Informes Sociolaborais* temos subliñado a gravidade de que as economías galega e española presenten –pese á mellora dos últimos anos– unhas taxas de ocupación moi baixas en comparanza coas da UE e da OCDE, porque reflite a incapacidade para dar unha saída produtiva aos nosos recursos humanos que axude á converxencia real cos países máis desenvolvidos economicamente. Ben lonxe nos queda aínda (e máis en Galicia que no conxunto español) o obxectivo que a UE se marcou para o ano 2010 no *Cumio de Lisboa*.

3.5.2. Distribución da poboación ocupada por sexos, provincias, grupos de idade, sectores económicos e situación profesional.

O desglose por sectores económicos e grupos de idade do cadro 3.30 certifica que:

■ O sector que concentra máis poboación ocupada (o de servizos) tivo no ano 2004 unha forte suba (45.200 persoas, un 7,3%) e supón xa un 59% do emprego total galego (1,6 puntos porcentuais máis que o ano anterior) anque segue bastante por baixo da media estatal e do conxunto dos países máis desenvolvidos.

■ En 2005 baixou o emprego neto en Galicia nos sectores agro-pesqueiro e construción, e subiu na industria e –sobre todo– nos servizos.

■ A desagregación en tres grupos de idade permite constatar que a suba do emprego de 2005 deuse en todos eles; con especial intensidade relativa na poboación máis nova e en termos absolutos na poboación de 24 a 54 anos.

Poboación ocupada⁽¹⁾ por grupos de idade e sector económico. Galicia. 2002-2005.

■ Cadro 3.30

	Total	de 16 a 24 anos	de 25 a 54 anos	de 55 e máis anos
2003				
Total	1.069,4	101,4	822,7	145,4
Agricultura e pesca	135,6	6,7	86,2	42,7
Industria	206,2	25,2	159,9	21,2
Construción	125,4	16,2	94,9	14,3
Servizos	602,1	53,3	481,6	67,2
2004				
Total	1.083,6	98,1	837,2	148,4
Agricultura e pesca	124,6	4,2	85,0	35,4
Industria	206,6	21,8	160,4	24,4
Construción	130,9	15,5	100,0	15,3
Servizos	621,5	56,5	491,7	73,3
2005				
Total	1.130,1	105,9	869,3	154,8
Agricultura e pesca	120,9	5,7	79,0	36,2
Industria	217,4	22,0	170,6	24,8
Construción	125,0	16,0	92,7	16,4
Servizos	666,7	62,2	527,0	77,5

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

Para coñecer a situación profesional dos ocupados de Galicia presentamos o cadro 3.31, que inclúe a desagregación por sexo e sector económico no último trienio. Sobrancearemos que:

■ A poboación asalariada subiu en 2005 de novo e fíxoo con moita máis forza que no ano anterior; supón un 74,4% da poboación ocupada de Galicia (medio punto máis que no ano anterior); aproxímase máis, deste xeito, a nosa *taxa de salarización* ás medias do Estado e da Unión Europea, anque segue por baixo delas.

■ Séguenlle en importancia cuantitativa os “empresarios ou membros de cooperativas” (que creceron lixeiramente nese ano) e, xa de moi lonxe, as “axudas familiares”, que tiveron unha suba de novo no último ano.

■ Por sexos, en 2005 en Galicia un 60% das persoas ocupadas como “axudas familiares” son mulleres, anque baixou notablemente neste ano a diferenza por sexos respecto de 2004; estas mulleres que traballan como “axudas familiares” están fundamentalmente empregadas no sector primario e nos servizos –neste último sector case triplican aos homes-. No conxunto das persoas asalariadas de Galicia, en cambio, as mulleres supoñen só un 42,1%.

■ **Cadro 3.31** Poboación ocupada⁽¹⁾ por sexo, situación profesional e sector económico. Galicia. 2003-2005.

	2003			2004			2005		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total poboación ocupada	1.069,4	637,6	431,8	1.083,6	639,4	444,2	1.130,1	655,9	474,2
Agricultura e pesca	135,6	71,6	64,0	124,6	66,4	58,2	120,9	67,8	53,2
Industria	206,3	150,0	56,3	206,6	148,6	58,1	217,4	152,4	65,0
Construción	125,4	121,2	4,2	130,9	123,8	7,1	125,0	118,3	6,7
Servizos	602,1	294,8	307,3	621,5	300,7	320,8	666,7	317,4	349,3
Empresario ou membro de cooperativa	250,8	151,6	99,2	249,3	152,6	96,6	252,4	154,7	97,7
Agricultura e pesca	85,0	41,1	43,9	77,2	38,1	39,1	75,4	36,9	38,5
Industria	22,4	17,5	4,9	24,2	19,2	5,0	23,8	19,3	4,6
Construción	26,0	25,3	0,7	29,3	28,3	1,0	31,0	29,8	1,3
Servizos	117,4	67,7	49,7	118,5	66,9	51,5	122,1	68,8	53,3
Axudas familiares	30,2	9,6	20,7	32,4	9,7	22,8	35,2	14,0	21,2
Agricultura e pesca	21,7	7,0	14,7	23,1	7,7	15,4	20,5	9,5	10,9
Industria	1,1	0,1	1,0	1,0	0,1	0,9	2,1	0,9	1,2
Construción	0,2	0,1	0,1	0,0	—	—	1,3	0,6	0,7
Servizos	7,2	2,4	4,9	8,3	1,8	6,5	11,4	3,1	8,3
Asalariados	787,8	476,1	311,7	800,9	476,6	324,4	840,9	486,6	354,2
Agricultura e pesca	28,5	23,1	5,3	24,0	20,5	3,5	23,8	20,9	2,9
Industria	182,7	132,4	50,3	181,4	129,2	52,1	191,5	132,2	59,3
Construción	99,3	95,8	3,4	101,6	95,5	6,1	92,7	88,0	4,7
Servizos	477,3	224,8	252,6	494,0	231,4	262,6	532,9	245,5	287,4
Outra situación	0,6	0,3	0,3	1,0	0,6	0,5	1,5	0,5	1,1
Agricultura e pesca	0,5	0,3	0,1	0,2	0,1	0,2	1,2	0,4	0,8
Industria	0,1	—	0,1	0,1	—	0,1	0,0	—	—
Construción	0,0	—	—	0,0	—	—	0,0	—	—
Servizos	0,1	—	0,1	0,7	0,5	0,2	0,3	—	0,3

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

A desagregación provincial da poboación ocupada en cada sector económico no último trienio podemos vela no cadro 3.32. Respecto da ocupación global por provincias, sobrancearemos que no ano 2005:

■ Un 76,3% do emprego total galego concéntrase nas provincias da Coruña e Pontevedra; a primacía na ocupación da Galicia occidental vai sendo máis evidente cada ano que pasa.

■ En ningunha das provincias galegas baixou o número de persoas ocupadas (cando o ano anterior descendera en Lugo e Ourense).

Poboación ocupada por sector económico e provincia. Galicia. 2003-2005.**■ Cadro 3.32**

	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
2003					
Galicia	1.069,4	135,6	206,2	125,4	602,1
A Coruña	440,9	44,6	80,1	54,2	262,0
Lugo	140,6	41,2	18,7	11,9	68,7
Ourense	125,2	14,7	23,2	17,0	70,3
Pontevedra	362,8	35,1	84,2	42,3	201,0
2004					
Galicia	1.083,6	124,6	206,6	130,9	621,5
A Coruña	448,0	36,6	83,2	54,2	274,0
Lugo	144,0	41,6	18,0	13,2	71,2
Ourense	117,5	14,5	20,8	15,6	66,6
Pontevedra	374,1	31,9	84,6	47,9	209,7
2005					
Galicia	1.130,1	120,9	217,4	125,0	666,7
A Coruña	469,1	36,2	89,6	53,5	289,8
Lugo	144,5	31,1	20,5	14,6	78,3
Ourense	123,7	12,8	22,0	14,2	74,7
Pontevedra	392,8	40,9	85,3	42,8	223,8

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

O cadro 3.33 recolle, con datos do cuarto trimestre de 2005, a distribución porcentual da poboación ocupada por sectores económicos en cada una das comunidades autónomas (e no total estatal). Subliñaremos que:

■ Galicia baixou, por primeira vez na súa historia, do limiar do 10% de emprego agro-pesqueiro.

■ Pese á importante redución das últimas décadas, a porcentaxe galega de poboación agro-pesqueira é case o dobre da española.

■ Se no ano 2004 Galicia era, despois de Extremadura, a comunidade coa maior porcentaxe de persoas traballando no sector agro-pesqueiro, en 2005 pasa a ser a terceira (ao pasarlle Murcia).

■ É moi semellante a porcentaxe de poboación ocupada en Galicia e España na construción e na industria (un punto menor en Galicia a primeira e un punto e medio maior na segunda) mentres que no sector servizos a diferenza é de case cinco puntos máis a prol de España.

A desagregación territorial da distribución porcentual da poboación ocupada por sectores económicos que recolle o cadro 3.34 reflete que:

■ No sector agrícola só Lugo está por riba da media galega.

■ Na industria é Pontevedra a provincia que supera o promedio de Galicia (mentres que o valor mínimo teno Lugo).

■ Na construción só Pontevedra ten un rexistro superior á media galega.

■ Nos servizos son A Coruña e Ourense as provincias que están por riba do promedio galego.

Distribución porcentual dos ocupados por sector económico e comunidade autónoma. 2005.
■ Cadro 3.33

	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Andalucía	9,4	11,3	15,1	64,2
Aragón	7,5	22,1	11,5	59,0
Asturias	5,3	20,2	11,6	63,0
Baleares	2,4	8,8	15,4	73,4
Canarias	3,9	6,7	14,2	75,2
Cantabria	5,4	16,4	12,5	65,6
C. A Mancha	8,5	17,7	12,9	60,9
C. León	8,2	19,3	16,1	56,4
Cataluña	2,4	23,6	10,6	63,4
C. Valenciana	3,3	20,5	13,8	62,4
Extremadura	13,6	10,5	14,6	61,3
Galicia	9,7	18,5	11,5	60,3
Madrid	1,1	11,9	10,7	76,4
Murcia	11,7	16,0	16,7	55,6
Navarra	4,4	24,3	10,8	60,5
País Vasco	1,4	24,7	8,1	65,8
A Rioxa	7,7	27,6	11,3	53,4
Ceuta ⁽¹⁾	0,5	3,0	9,2	87,3
Melilla ⁽¹⁾		3,7	4,2	92,1
España	5,2	17,0	12,5	65,2

(1) Os resultados de Ceuta e Melilla deben tomarse con precaución porque poden estar afectados por grandes erros de mostraxe.
Fonte: INE, EPA. 4º trimestre de 2005.

Distribución porcentual dos ocupados por sector económico e provincia. 2005.
■ Cadro 3.34

	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
A Coruña	7,9	18,3	11,1	62,7
Lugo	17,5	13,3	11,6	57,6
Ourense	7,5	18,1	11,1	63,2
Pontevedra	9,7	20,8	12,0	57,5
Galicia	9,7	18,5	11,5	60,3

Fonte: INE, EPA 4º trimestre 2005.

No tocante á análise por tipos de contrato das persoas asalariadas (temporais ou indefinidos), ben sabido é que unha das principais diverxencias da nosa estrutura sociolaboral co promedio da UE ou da OCDE é a altísima temporalidade que temos, porque máis dun terzo das persoas asalariadas de Galicia teñen un contrato temporal (por riba do valor estatal). Velaí un bo campo no que traballar para “homologar” o noso mercado de traballo co dos estados desenvolvidos cos que queremos converxer; non afondaremos nel neste epígrafe para evitar repeticións innecesarias, xa que se tratará desta cuestión e doutras referidas á contratación (tipos de xornada, etc.) no capítulo 5, ao que remitimos ás persoas interesadas en afondar no tocante aos contratos.

3.6. Poboación desempregada e taxa de paro

Unha vez rematado o estudo da poboación ocupada, comezamos o estudo doutro compoñente da poboación activa -a poboación parada- ao través dos datos que proporcionan as *Enquisas de Poboación Activa* elaboradas polo INE.

Seguindo o esquema utilizado nos epígrafes anteriores, estudaremos primeiramente as cifras do desemprego das distintas comunidades autónomas e as súas taxas de paro. Posteriormente afondaremos na taxa de desemprego galega e na distribución do paro por tempo de busca de emprego.

O cadro 3.35 recolle, cos datos do cuarto trimestre, a poboación desempregada nas distintas comunidades autónomas no último trienio. Salientaremos:

■ A maior suba porcentual do desemprego no ano 2005 tiverón A Rioxa e Ceuta-Melilla mentres que a maior diminución foi a do País Vasco e Galicia.

■ O fortísimo descenso porcentual do desemprego de Galicia, que practicamente dobrou a diminución estatal.

■ A participación relativa de Galicia no desemprego total de España en 2005 (6,2%) baixou 1,2 puntos respecto do nivel do bienio anterior e coincide agora coa porcentaxe do noso peso demográfico no estado.

■ Cadro 3.35

Poboación desempregada. Por comunidades autónomas. 2003-2005.

	Valores absolutos			Distribución			Variacións anuais					
	Miles			porcentual			Miles			%		
	T IV 03	T IV 04	T IV 05	T IV 03	T IV 04	T IV 05	T IV 03	T IV 04	T IV 05	T IV 03	T IV 04	T IV 05
Andalucía	604,4	544,4	485,3	26,8	25,2	26,4	-39,5	-60,0	-59,1	-6,1	-9,9	-10,9
Aragón	35,8	31,9	34,1	1,6	1,5	1,9	0,6	-3,9	2,2	1,7	-10,9	6,9
Asturias	44,2	44,6	43,7	2,0	2,1	2,4	2,5	0,4	-0,9	6,0	0,9	-2,0
Baleares	46,8	39,2	37,0	2,1	1,8	2,0	8,2	-7,6	-2,2	21,2	-16,2	-5,6
Canarias	111,0	99,3	103,1	4,9	4,6	5,6	13,7	-11,7	3,8	14,1	-10,5	3,8
Cantabria	25,8	28,4	21,5	1,1	1,3	1,2	0,4	2,6	-6,9	1,6	10,1	-24,3
C. A Mancha	75,9	83,6	80,9	3,4	3,9	4,4	2,8	7,7	-2,7	3,8	10,1	-3,2
C. León	116,2	115,2	96,3	5,2	5,3	5,2	11,1	-1,0	-18,9	10,6	-0,9	-16,4
Cataluña	324,0	323,7	239,0	14,4	15,0	13,0	-10,9	-0,3	-84,7	-3,3	-0,1	-26,2
C. Valenciana	227,6	225,1	183,3	10,1	10,4	10,0	8,6	-2,5	-41,8	3,9	-1,1	-18,6
Extremadura	75,2	80,2	69,6	3,3	3,7	3,8	-6,9	5,0	-10,6	-8,4	6,6	-13,2
Galicia	166,9	159,0	114,3	7,4	7,4	6,2	23,7	-7,9	-44,7	16,6	-4,7	-28,1
Madrid	201,5	204,1	182,7	8,9	9,5	9,9	11,5	2,6	-21,4	6,1	1,3	-10,5
Murcia	63,3	60,7	46,9	2,8	2,8	2,5	-0,7	-2,6	-13,8	-1,1	-4,1	-22,7
Navarra	16,6	14,4	17,8	0,7	0,7	1,0	2,4	-2,2	3,4	16,9	-13,3	23,6
País Vasco	100,1	94,4	67,1	4,4	4,4	3,6	5,2	-5,7	-27,3	5,5	-5,7	-28,9
A Rioxa	8,3	6,2	10,0	0,4	0,3	0,5	1,2	-2,1	3,8	16,9	-25,3	61,3
Ceuta e Melilla	8,3	5,0	8,8	0,4	0,2	0,5	6,2	-3,3	3,8	295,2	-39,8	76,0
España	2.252,1	2.159,4	1.841,3	100	100	100	40,3	-92,7	-318,1	1,8	-4,1	-14,7

Series revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2005.

Fonte: INE, EPA. 4º trimestre. Elaboración polo MTAS, Coyuntura Laboral nº 76, marzo 2006)

A taxa de paro (porcentaxe de parados sobre da poboación activa) é en 2005 dun 9,1% en Galicia (3,5 puntos menor que no ano anterior e catro décimas maior que no conxunto do estado). O cadro 3.36 permítenos o seguimento comparativo das taxas de desemprego nas distintas comunidades autónomas no último trienio, evidenciando que:

■ En 2005 a taxa de desemprego diminuíu en Galicia moito máis que no conxunto do estado (3,5 fronte a 1,9 puntos) polo que o diferencial entre ambas taxas de desemprego quedou reducido a catro décimas (fronte aos dous puntos do ano anterior).

■ Galicia é en 2005 a sétima comunidade do estado na clasificación ordenada por maior taxa de desemprego, que encabezan Estremadura e Andalucía e pechan Aragón e Madrid; no ano 2004, en cambio, Galicia ocupaba a terceira posición.

Taxas de desemprego. Por comunidades autónomas. 2003-2005.

■ Cadro 3.36

	Valores das taxas En porcentaxe			Variacións anuais (en puntos porcentuais)		
	T IV 03	T IV 04	T IV 05	T IV 03	T IV 04	T IV 05
Andalucía	18,4	16,1	13,8	-1,9	-2,4	-2,2
Aragón	6,4	5,5	5,7	-0,1	-0,9	0,1
Asturias	10,0	10,4	9,6	0,1	0,4	-0,8
Baleares	9,9	8,0	7,5	1,3	-1,9	-0,5
Canarias	12,2	10,8	10,7	0,9	-1,4	-0,1
Cantabria	10,3	11,3	8,1	-0,4	0,9	-3,2
C. A Mancha	9,8	10,3	9,4	0,0	0,5	-0,9
C. León	11,0	10,5	8,5	0,9	-0,5	-2,0
Cataluña	9,6	9,4	6,6	-0,8	-0,2	-2,7
C. Valenciana	10,7	10,1	8,0	-0,1	-0,7	-2,1
Estremadura	17,2	17,7	15,3	-1,8	0,5	-2,3
Galicia	13,5	12,6	9,1	1,5	-0,9	-3,4
Madrid	7,2	6,9	5,9	0,2	-0,3	-1,0
Murcia	10,7	9,9	7,4	-0,7	-0,9	-2,4
Navarra	6,1	5,1	6,0	0,7	-1,0	0,8
País Vasco	9,8	9,2	6,4	0,3	-0,7	-2,8
A Ríoxa	6,4	4,4	6,5	0,7	-2,0	2,1
Ceuta e Melilla	14,6	9,4	16,3	10,3	-5,2	6,9
España	11,4	10,6	8,7	-0,3	-0,8	-1,9

Series revisadas segundo a nova metodoloxía EPA-2005 (cambio de base de poboación).

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre. Elaboración do MTAS, Coyuntura Laboral nº 76, marzo 2006.

A desagregación por sexos das taxas de desemprego do cadro 3.37 permite observar cos datos máis recentes da EPA (cuarto trimestre de 2005) que:

■ A taxa feminina de Galicia é case o dobre que a masculina e está case un punto por riba do rexistro medio estatal.

■ A taxa de desemprego masculina de Galicia está, en cambio, lixeiramente por baixo do promedio español (a diferenza é de só 0,15 puntos porcentuais).

■ O diferencial entre a taxa de paro das mulleres e a dos homes en Galicia (practicamente seis puntos) supera nun punto ao promedio estatal; esa diferenza ben explicada por ser maior a taxa de desemprego das mulleres en Galicia que na media española e lixeiramente menor nos homes (1,1 puntos):

Taxas de desemprego. Por sexo e comunidade autónoma. 2005.

■ Cadro 3.37

	Ambos sexos	Homes	Mulleres
España	8,70	6,64	11,61
Andalucía	13,83	10,20	19,50
Aragón	5,65	3,70	8,52
Asturias	9,56	6,68	13,58
Baleares	7,48	5,46	10,32
Canarias	10,67	8,88	13,24
Cantabria	8,10	6,02	10,95
C. A Mancha	9,39	5,66	15,61
C. León	8,54	5,70	12,75
Cataluña	6,64	5,49	8,19
C. Valenciana	8,01	6,31	10,44
Extremadura	15,31	12,20	20,25
Galicia	9,13	6,49	12,43
Madrid	5,92	4,82	7,29
Murcia	7,42	5,39	10,61
Navarra	5,95	4,84	7,43
País Vasco	6,40	5,24	7,95
A Ríoxa	6,53	4,23	9,81
Ceuta(1)	17,58	10,32	30,58
Melilla(1)	11,83	4,70	22,61

(1) Os resultados de Ceuta e Melilla deben tomarse con precaución porque poden estar afectados por grandes erros de mostaxe.

Datos en porcentaxe.

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre 2005.

A comparanza da nosa taxa de desemprego coas da OCDE que vimos no capítulo I (no cadro I.2) explicita que pese á forte diminución do ano 2005 a nosa taxa supera nun 42% á da OCDE; velaí unha notoria “diverxencia” real da nosa estrutura económico-social que cómpre seguir reducindo para achegarnos ao nivel medio de benestar do conxunto da OCDE.

Especialmente grandes son en Galicia e en España as taxas de desemprego das mulleres e das persoas máis novas. O cadro 3.38 reflite que:

- As taxas de desemprego van baixando a medida que vamos avanzando no grupo de idade, tanto en Galicia como en España e nos dous sexos.
- A taxa de desemprego en Galicia da poboación máis nova foi en 2005 dun 25,86%, porcentaxe altísima anque inferior en case dous puntos ao promedio estatal.
- As mulleres menores de 20 anos tiveron en 2005 en Galicia unha taxa de desemprego do 34% (lixeiramente por baixo do valor estatal).

Para permitir ás persoas que o desexen afondar na evolución da taxa de desemprego en Galicia co estudo dos oito últimos trimestres, poñemos á súa disposición o cadro 3.39.

Taxa de desemprego. Por sexo e grupos de idade. Galicia/España.
■ Cadro 3.38

	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 54 anos	De 55 e máis anos
Ambos sexos				
España	27,70	16,15	7,67	5,54
Galicia	25,87	16,98	8,62	5,22
Homes				
España	23,22	13,79	5,55	5,02
Galicia	19,15	16,32	5,60	4,13
Mulleres				
España	34,20	19,07	10,55	6,58
Galicia	33,94	17,80	12,32	6,78

Datos en porcentaxe

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre 2005.

Taxa de desemprego. Galicia. 2004-2005.
■ Cadro 3.39

	Total	Homes	Mulleres
2004*	13,6	9,2	19,3
2004/I	14,7	9,8	20,9
2004/II	14,2	9,1	20,7
2004/III	13,0	8,7	18,4
2004/IV	12,6	9,1	17,1
2005*	9,9	7,2	13,5
2005/I	10,9	8,0	14,6
2005/II	11,1	7,9	15,2
2005/III	8,7	6,3	11,8
2005/IV	9,1	6,5	12,4

En porcentaxe. Metodoloxía EPA 2005.

*Medias anuais

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

A distribución das taxas de desemprego das provincias de Galicia (con desglose por sexos) pódese ver para o último trienio no cadro 3.40; compróbase que:

■ No último bienio só subiu a taxa global de paro na provincia de Ourense; o maior descenso presentouno A Coruña.

■ En 2005 baixou nas catro provincias (e tivo un aumento máis intenso na Coruña).

■ As dúas provincias que teñen en 2005 as maiores taxas de desemprego feminino (no entorno do 10 - 11%) son Ourense e Pontevedra.

■ Sobrancea a provincia de Lugo pola menor taxa de desemprego, tanto globalmente como para cada un dos sexos (de feito, é a única provincia na que estas taxas son menores que as de Galicia)

■ O diferencial entre as taxas de desemprego masculina e feminina é especialmente alto en Pontevedra (8,4 puntos) mentres que o menor dáse en Lugo e A Coruña.

No cadro 3.41 recolleemos a distribución da poboación desempregada galega no último trienio segundo o tempo de busca no emprego. Sobrancearemos que:

■ Baixou especialmente en 2005 o número de persoas desempregadas que levan sen atopar emprego dous anos ou máis.

Taxa de desemprego. Por sexo e provincia. Galicia. 2003-2005.

■ Cadro 3.40

	Total	Homes	Mulleres
2003			
Galicia	12,7	8,4	18,4
A Coruña	13,9	9,1	20,1
Lugo	8,1	5,9	11,0
Ourense	8,5	6,0	12,1
Pontevedra	14,3	9,3	21,0
2004			
Galicia	13,6	9,2	19,3
A Coruña	14,7	10,1	20,7
Lugo	8,6	4,3	13,8
Ourense	13,3	10,2	17,5
Pontevedra	14,1	9,5	20,1
2005			
Galicia	9,9	7,2	13,5
A Coruña	9,9	7,6	12,7
Lugo	6,7	4,6	9,5
Ourense	10,5	7,9	13,9
Pontevedra	11,0	7,4	15,8

En porcentaxe. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.

Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

■ Baixou con forza en Galicia o desemprego de longa duración no último ano (en 30.400 persoas) e quedou en 2005 co menor valor do período analizado.

Desempregados por tempo de busca de emprego. Galicia. 2003-2005.

■ Cadro 3.41

	2003	2004	2005
Total poboación desempregada	155,8	170,6	124,8
Menos de 6 meses	52,1	52,2	51,8
De 6 a < 1 ano	25,8	32,4	16,8
De 1 ano a menos de 2 anos	24,2	27,1	19,3
2 anos ou máis	44,3	48,6	26,0
Xa atopou traballo	9,4	10,3	11,0

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.

Fonte: INE, EPA. Elaboración DO IGE.

3.7. O paro rexistrado.

Os datos para a elaboración da estatística do paro rexistrado na Comunidade Autónoma Galega obtéñense da Oficina de Emprego da Xunta de Galicia e do Instituto Social da Mariña onde o colectivo de desempregados inscríbese co fin de solicitar servizos de intermediación laboral, formación, información de prestacións...etc. Recollidos os datos a través dunha entrevista ocupacional co demandante, introdúcese no sistema informático do SPEE-INEM que remite dentro dos cinco primeiros días hábiles de cada mes, os datos procesados por provincias á Dirección Xeral de Formación e Colocación para a elaboración das estatísticas autonómicas.

Dentro do colectivo de parados, son obxecto de tratamento, aqueles que teñen demandas pendentes de satisfacer o último día do mes, agás os que se atopan nalgunha das situacións establecidas na Orde Ministerial do 11 de marzo de 1985 (BOE do 14.3.85).

■ Demandantes que solicitan outro emprego compatible co que exercen (pru-riemprego).

■ Demandantes que, estando ocupados, solicitan un emprego para cambialo polo que teñen (mellora de emprego).

■ Preceptores de prestacións por desemprego que realicen traballos de colaboración social (perciben a prestación por desemprego completada pola realización do traballo de colaboración social).

■ Pensionistas de xubilación, invalidez absoluta, gran invalidez ou igual ou maiores de 65 anos (xubilados).

■ Demandantes de emprego por un período inferior a 3 meses (emprego conxuntural).

■ Demandantes de traballo parcial inferior a 20 horas semanais (xornada <20 horas).

■ Menores de 25 anos que cursen estudos de ensino oficial regrado ou superando esta idade sexan demandantes de primeiro emprego (estudantes).

■ Asistentes a cursos de formación profesional ocupacional superiores a 20 horas lectivas á semana, teñan unha beca polo menos de manutención e sexan demandantes de primeiro emprego (estudantes).

■ Aqueles preceptores de prestacións por desemprego que a compatibilizan con traballo a tempo parcial (compatibilidade prestacións).

■ Demandantes coa demanda suspendida en tanto permanezan nesa situación xa que a suspensión da demanda, que xeralmente se tramita a petición do demandante e por causa que o xustifique, interrompe a busca de emprego (ex.: IT) (demandas suspendidas).

■ Demandantes que están percibindo o subsidio agrario ou que ao esgotalo, non transcorra un período superior a un ano desde o día do nacemento do dereito (traballadores eventuais agrícolas subsidiados).

■ Demandantes que rexeiten accións de inserción laboral axeitadas ás súas características (Rexeitamento de accións de inserción laboral).

■ Demandantes sen dispoñibilidade inmediata para o traballo, como demandantes inscritos para participar nun proceso de selección dun posto de traballo determinado, solicitantes de emprego soamente no estranxeiro, de emprego só a domicilio, de expediente de regulación de emprego, etc. (Outras causas).

Existe un gran número de situacións ás que as demandas de emprego pendentes nas oficinas de emprego non se consideran incluídas no concepto de paro rexistrado, e nalgunha delas, tal vez, sería discutible a súa non inclusión, ao que hai que engadir que, nalgúns casos, as baixas expectativas de atopar traballo a través dos servizos públicos de emprego provoca a non inscrición como demandante, así como a obriga da renovación da demanda de emprego cada 3 meses.

Por estas razóns considéranse máis fiables os datos da EPA. Moitos dos catalogados como parados rexistrados serían clasificados como inactivos se se lles aplicara o cuestionario EPA.

No ano 2005 implantouse un novo sistema informático que afecta significativamente ao número de parados rexistrados, debido á eliminación de clases de clasificación obsoletas e á corrección do tratamento de determinados colectivos. Os incrementos do paro rexistrado que se poden observar a partir da implantación o 4-V-05, do programa SISPE, tanto en Galicia como en España, non se corresponden cun incremento real do paro, senón cunha mellor recollida de información do SISPE. O anterior sistema chamado SILE, subestimaba a cifra do paro rexistrado en preto de 30.000 persoas en Galicia.

Neste sentido actualizouse a base de datos, reconstruíndo os datos a nivel nacional, entre o ano 2001 e abril de 2005, ata a implantación definitiva do SISPE o 4-V-05, para poder realizar comparacións sobre o paro rexistrado.

Paro rexistrado. Por comunidade autónoma. 2004-2005.

■ Cadro 3.42

	Decembro 2005	Variacións anuais	
		Variación absoluta	% Variación
Andalucía	480.961	28.305	6,25
Aragón	41.508	2.067	5,24
Asturias	56.753	-5.382	-8,66
Baleares	48.903	-2.357	-4,60
Canarias	129.930	3.126	2,47
Cantabria	24.177	-2.611	-9,75
C. A Mancha	95.023	-1.468	-1,52
C. León	115.650	-1.496	-1,28
Cataluña	262.605	-11.689	-4,26
Ceuta	6.691	823	14,03
C. Valenciana	200.721	9.542	4,99
Extremadura	77.722	-2.735	-3,40
Galicia	178.676	-6.004	-3,25
A Ríoxa	10.279	102	1,00
Madrid	216.066	-13.758	-5,98
Murcia	44.572	-108	-0,24
Navarra	22.292	-400	-1,76
País Vasco	83.390	-6.028	-6,74
Melilla	7.018	284	4,22
España	2.102.937	-9.787	-0,46

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia / SPEE-INEM

Deste cadro extráese:

■ A diminución do paro en Galicia (3,25% é superior á do resto de España (0,46%).

■ O número absoluto de parados en 2005 diminuíu respecto a anos anteriores e a taxa de paro alcanzou o 14,11; mentres que a media do conxunto do Estado foi 10,03.

■ A aportación relativa de Galicia no paro rexistrado estatal foi de 8,50%.

A evolución do paro rexistrado en Galicia desde o ano 2001 (cadro 3.43 e 3.44) e a taxa de paro refliten unha tendencia á baixa desde o ano 2004.

O paro rexistrado por provincias (cadro 3.45) toma como variables a idade (<25 anos e >25 anos) e o sexo.

Por provincias (cadro 3.46) en todas se produciu unha diminución do paro rexistrado, tendo en conta a revisión que sobre os datos de 2004 se calcularon en función da poboación activa publicada da EPA do 2º trimestre.

Se comparamos estes valores cos estatais, observamos que as catro provincias galegas superan a taxa española (10,03), salientando especialmente Ourense (15,85) e Pontevedra (14,80).

**Evolución do paro rexistrado e da taxa de paro. Galicia.
Galicia 2004-2005.**

■ Cadro 3.43

	Nº Parados	Taxa de paro
2004	184.680	14,75*
2005	178.676	14,11

Datos de decembro de cada ano.

*Calculado en función da poboación activa publicada na epa do 2º trimestre 2004 revisada.

Fonte: Oficinas de emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo. Informe do paro rexistrado.

**Evolución do paro rexistrado. Cifras publicadas e simulación
retrospectiva con criterios SISPE. Galicia 2001-2004.**

■ Cadro 3.44

	Paro rexistrado publicado	Paro rexistrado simulación SISPE
2001	138.354	166.761
2002	151.015	179.850
2003	157.337	188.407
2004	154.363	184.680

Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal

■ Cadro 3.45

Paro rexistrado. Por provincias e idades. Galicia. 2005.

	Paro mes	Menores de 25 anos			Maiores de 25 anos		
		Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	71.894	8.113	3.770	4.343	63.781	24.337	39.444
Lugo	18.176	2.443	1.195	1.248	15.733	6.625	9.108
Ourense	22.098	2.522	1.181	1.341	19.576	7.499	12.077
Pontevedra	66.508	8.760	4.019	4.741	57.748	20.529	37.219
Galicia	178.676	21.838	10.165	11.673	156.838	58.990	97.848

Datos de decembro de 2005

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo (Informe do paro rexistrado)

Paro rexistrado e taxa de paro. Por provincias. 2005.

■ Cadro 3.46

	Nº Parados	Taxa de paro	Variación Decembro 2004	%
España	2.102.937	10,03	-9.778	-0,46
A Coruña	71.894	13,79	-3.728	-5,19
Lugo	18.176	11,61	-773	-4,25
Ourense	22.098	15,85	-63	-0,29
Pontevedra	66.508	14,80	-1.440	-2,17
Galicia	178.676	14,11	-6.004	-3,25

Datos de decembro 2005

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo: Informe do paro rexistrado

As taxas de paro rexistrado en Galicia en 2005, por sexo e grupo de idade (cadro 3.47), amosan unha taxa do 15,48% para os menores de 25 anos e unha taxa do 13,93 para os maiores de 25 anos.

Se á variable da idade engadimos a variable sexo, observamos que, como en 2004, as taxas son maiores en mulleres que en homes e moi superiores no grupo de mulleres >25 anos, onde alcanza o 20,10%.

Taxa de paro. Por idades e sexos. Galicia. 2005.

■ Cadro 3.47

	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos
Homes	12,83	9,23
Mulleres	12,88	20,10

Datos de decembro 2005

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo.
Informe do paro rexistrado

A distribución por sectores do paro rexistrado (cadro 3.48) comparándoo có ano anterior reflite unha diminución en todos eles.

O sector servizos segue sendo o que máis desempregados rexistra superando en 44.289 parados, a suma dos outros tres sectores produtivos, agricultura e pesca, industria e construción, xuntos.

Paro rexistrado. Por sectores. Galicia. 2005.

■ Cadro 3.48

	Decembro 2005	Variación decembro 2004	% Variación
Agricultura e pesca	5.375	-103	-1,92
Industria	29.162	-1.076	-3,69
Construción	20.033	-1.705	-8,51
Servizos	98.859	-1.575	-1,59
Sen emprego anterior	25.247	-1.545	-6,12

Datos decembro 2005

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo: Informe do paro rexistrado

Sen esquecer o cambio metodolóxico que se produciu en 2005 sobre o paro rexistrado, e que por tanto os datos de 2004 son simulados para poder comparalos con 2005, ponse de manifesto unha baixada en todos os sectores, especialmente no sector da construción e no colectivo sen emprego anterior. Os datos simulados correspondentes a 2004 son:

- Agricultura e pesca: 5.478.
- Industria: 30.238.
- Construción: 21.738.
- Servizos: 100.434.
- Sen emprego anterior: 26.792.

A menor diminución do paro rexistrado produciuse no sector servizos. Comparando estes datos cos do conxunto de España apreciamos que, ao igual que en Galicia, a maior diminución produciuse no colectivo de “sen emprego anterior” (-16.455) e no da construción (-7.599), aínda que no conxunto do Estado, o grupo “sen emprego anterior” case duplica en diminución ao seu seguidor máis inmediato, “construción”.

O paro rexistrado por nivel académico e provincia reflítese no cadro 3.49 onde se aprecia un maior rexistro de parados no grupo con nivel de EXB (54.823) e no de Certificado de Estudos Primarios (52.516). Estes dous colectivos xuntos supoñen un 60,07% (66,8 en 2004).

■ Cadro 3.49

Paro rexistrado. Por nivel académicos e provincias. 2005.

	Sen estudos	Sen certif. estudios prim.	Con certif. estudios prim.	EXB	BUP	FP	Estudios medios	Estudios superiores
A Coruña	432	3.885	20.023	22.039	7.253	9.824	3.254	5.184
Lugo	59	1.266	5.709	4.855	1.591	2.626	1.094	976
Ourense	116	1.722	7.257	5.966	2.417	2.620	1.061	939
Pontevedra	220	2.988	19.527	21.963	6.402	8.974	2.791	3.643
Galicia	827	9.861	52.516	54.823	17.663	24.044	8.200	10.742

Datos de decembro 2005

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo: Informe do paro rexistrado.

Debido ao aumento da inmigración, consideramos necesario facer mención ao rexistro de parados estranxeiros. En decembro de 2005, atopábanse rexistrados como demandantes de emprego non ocupados 5.520 persoas (153.480 total nacional), das cales 1.887 (26.897 total nacional) pertencían a países comunitarios e 3.633 (126.583 total nacional) a países non comunitarios (cadro 3.50).

A súa distribución por sectores reflítese no cadro 3.51, salientando o sector servizos polo maior número de parados rexistrados.

Mediante o rexistro de parados recollido nas Oficinas de Emprego de Galicia pódese facer unha división por concellos e comarcas, tendo en conta as variables de idade, sexo e sectores económicos. Esta distribución posibilita unha análise máis

detallada da situación de cada zona xeográfica e a conseguinte planificación de accións e recursos para subsanar as carencias e deficiencias de programas específicos que reduzan o número de parados (cadro 3.52).

Paro rexistrado (estranxeiros). 2005.

■ Cadro 3.50

	Decembro 2005	Zona orixe	
		País comunitario	País extracomunitario
Galicia	5.520	1.887	3.633
España	153.480	26.897	126.583

Decembro 2005
Fonte: SPEE-INEM

Paro rexistrado (estranxeiros). Segundo sectores por CC AA e provincias. Galicia. 2005.

■ Cadro 3.51

	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior	Total
A Coruña	84	139	147	889	499	1.758
Lugo	55	32	59	257	182	585
Ourense	28	110	98	369	198	803
Pontevedra	119	199	247	1.187	622	2.374
Galicia	286	480	551	2.702	1.501	5.520
España	9.382	11.153	25.990	85.204	21.751	153.480

Decembro 2005
Fonte: SPEE-INEM

■ Cadro 3.52

Paro rexistrado por comarcas.Por idades e sectores económicos. Galicia. 2005

Comarcas	Paro mes Actual	Distribución por idades						Distribución por sectores económicos				
		Menores de 25 anos			Resto de idades			Agric./gand.	Industria	Construc.	Servizos	Sen emprego
		Total	Homes	Mulleres	Global	Homes	Mulleres					
A Barcala	724	75	38	37	649	325	324	14	88	142	413	67
Muros	920	85	45	40	835	341	494	64	208	141	419	88
Noia	2.014	220	111	109	1.794	771	1.023	142	316	373	1.009	174
O Sar	1.170	145	64	81	1.025	432	593	19	260	160	607	124
Ordes	2.088	267	137	130	1.821	785	1.036	47	498	360	893	290
Ortegal	848	89	45	44	759	296	463	83	207	107	364	87
Santiago	10.158	1.151	526	625	9.007	3.499	5.508	100	968	990	6.631	1.469
Terra de Melide	679	77	29	48	602	223	379	16	130	84	308	141
Terra de Soneira	1.288	137	47	90	1.151	533	618	69	245	344	478	152
Xallas	1.103	99	46	53	1.004	550	454	24	157	366	464	92
A Coruña	22.478	2.212	1.101	1.111	20.266	7.777	12.489	396	2.981	1.946	14.490	2.665
Arzúa	1.021	132	60	72	889	360	529	32	182	170	500	137
Barbanza	4.705	579	244	335	4.126	1.415	2.711	358	1.450	446	2.000	451
Bergantiños	5.095	555	230	325	4.540	1.685	2.855	154	1.561	948	1.892	540
Betanzos	1.897	265	117	148	1.632	666	966	23	265	227	1.130	252
Eume	1.763	260	137	123	1.503	679	824	26	387	224	857	269
Ferrol	12.065	1.555	692	863	10.510	3.351	7.159	172	1.477	1.253	6.422	2.741
Fisterra	1.878	210	101	109	1.668	649	1.019	89	277	324	905	283
A Fonsagrada	250	29	18	11	221	114	107	24	34	33	124	35

■ **Cadro 3.52** (continuación)

Comarcas	Paro mes Actual	Distribución por idades						Distribución por sectores económicos				
		Menores de 25 años			Resto de idades			Agric./gand.	Industria	Construc.	Servizos	Sen
		Total	Homes	Mulleres	Global	Homes	Mulleres					
A Mariña Central	1.362	208	103	105	1.154	436	718	86	141	134	779	222
A Mariña Occidental	1.553	227	103	124	1.326	480	846	97	148	157	957	194
A Mariña Oriental	734	96	38	58	638	240	398	25	71	82	472	84
A Ulloa	395	50	21	29	345	173	172	18	58	79	205	35
Chantada	780	83	40	43	697	362	335	45	96	155	427	57
Lugo	6.615	933	477	456	5.682	2.190	3.492	105	542	593	4.121	1.254
Meira	233	36	13	23	197	87	110	16	25	18	143	31
Os Ancares	549	63	43	20	486	254	232	47	48	94	308	52
Quiroga	388	44	25	19	344	158	186	31	46	55	204	52
Sarria	1.263	140	63	77	1.123	483	640	26	177	148	710	202
Terra Chá	1.981	257	114	143	1.724	884	840	41	300	401	1.002	237
Terra de Lemos	2.073	277	137	140	1.796	764	1.032	55	239	287	1.111	381
A Limia	1.598	154	67	87	1.444	537	907	90	228	241	818	221
Allariz	744	88	49	39	656	244	412	32	153	117	338	104
Maceda	452	29	19	10	423	193	230	41	34	90	231	56
Baixa Limia	1.911	205	97	108	1.706	697	1.009	50	314	270	1.004	273
O Carballiño	1.250	129	56	73	1.121	493	628	65	173	162	672	178
O Ribeiro	9.852	1.260	600	660	8.592	3.050	5.542	132	1.382	1.109	5.805	1.424
Ourense	161	22	12	10	139	85	54	8	16	23	96	18
Terra de Caldelas	1.353	125	58	67	1.228	538	690	37	247	216	659	194
Terra de Celanova	272	21	12	9	251	143	108	7	47	55	147	16
Terra de Trives	1.676	233	104	129	1.443	498	945	40	445	156	830	205
Valdeorras	2.313	207	86	121	2.106	774	1.332	70	489	372	999	383
Verín	516	49	21	28	467	247	220	18	51	131	257	59
Viana	888	106	45	61	782	394	388	38	121	176	438	115
A Paradanta	2.552	363	144	219	2.189	711	1.478	42	547	389	1.171	403
Caldas	3.686	544	235	309	3.142	1.090	2.052	292	579	448	1.837	530
O Baixo Miño	3.025	435	190	245	2.590	925	1.665	147	615	363	1.494	406
O Condado	1.652	261	113	148	1.391	634	757	53	301	252	787	259
Deza	5.984	823	393	430	5.161	1.868	3.293	586	844	450	3.261	843
O Morrazo	8.623	1.220	533	687	7.403	2.550	4.853	242	1.649	877	4.900	955
O Salnés	7.842	1.077	513	564	6.765	2.515	4.250	253	974	789	4.679	1.147
Pontevedra	1.490	214	84	130	1.276	484	792	23	190	221	733	323
Tabeirós-Terra de Montes	30.766	3.718	1.769	1.949	27.048	9.358	17.690	665	6.181	2.285	17.358	4.277
Vigo	178.676	21.839	10.165	11.674	156.837	58.990	97.847	5.375	29.162	20.033	98.859	25.247
Total												

Datos de decembro. En miles

Fonte: Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia. Consellería de Traballo. Informe do paro rexistrado

3.8. A poboación inactiva.

No cadro 3.53 reflíntense os datos da poboación inactiva en Galicia, diferenciándoo por provincias e situación de inactividade, así como os datos dos 2 anos anteriores, co fin de poder apreciar a súa evolución.

■ Como en anos anteriores a metade das persoas inactivas atópase no grupo de “retirados, xubilados, pensionistas” (50,98%), 2,22 puntos menos que no ano 2004 e 7,44 puntos por riba da media española (43,54%).

■ Das catro provincias destaca especialmente Lugo (56,45%) e Ourense (59,34%). En Pontevedra foi onde máis diminuíu (178,5 en 2004 e 166,7 en 2005). No resto das provincias os valores son moi similares a 2004.

Poboación inactiva por situación de inactividade. Galicia e provincias. 2003-2005

■ Cadro 3.53

	2003	2004	2005
Total			
A Coruña	442,2	433,2	448,5
Lugo	159,1	152,6	156,8
Ourense	161,3	160,4	156,9
Pontevedra	353,1	345,9	348,8
Galicia	1.115,7	1.092,0	1.111,0
Estudantes			
A Coruña	85,5	83,4	69,1
Lugo	22,5	22,1	19,9
Ourense	24,0	21,2	17,2
Pontevedra	65,0	60,0	58,1
Galicia	196,9	186,7	164,3
Labores da casa			
A Coruña	115,1	108,6	114,7
Lugo	25,8	26,7	31,5
Ourense	35,6	32,8	33,1
Pontevedra	94,3	83,9	88,8
Galicia	270,8	252,0	268,1
Retirados, xubilados e pensionistas			
A Coruña	215,9	215,7	217,4
Lugo	100,0	92,2	89,3
Ourense	91,9	94,3	93,1
Pontevedra	170,5	178,5	166,7
Galicia	578,2	580,7	566,5
Incapacitado permanente			
A Coruña	17,5	19,3	35,4
Lugo	8,9	10,5	10,5
Ourense	6,9	11,1	10,0
Pontevedra	12,2	13,6	25,8
Galicia	45,5	54,5	81,7
Outra situación			
A Coruña	8,1	6,2	12,0
Lugo	1,9	1,2	5,6
Ourense	3,0	1,0	3,6
Pontevedra	11,3	9,8	9,4
Galicia	24,3	18,3	30,6

Miles de persoas

Fonte: INE. EPA. Elaboración do IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

■ Na única situación na que a poboación inactiva baixou en todas as provincias foi, na de “estudantes” (186,7 en 2004 e 164,3 en 2005) e a que subeu en todas as provincias, foi a situación de “labores do fogar” (252 en 2004 e 286 en 2005).

■ Na provincia da Coruña subiu, ademais de na categoría de estudantes, en “retirados, xubilados e pensionistas” e en incapacidades permanentes; na de Lugo, baixou en “retirados, xubilados e pensionistas” e en “incapacitados permanentes” mantívose igual que en 2004; na de Ourense baixou en “retirados, xubilados e pensionistas” e en incapacitados permanentes; e en Pontevedra baixou en “retirados, xubilados e pensionistas” e subiu en “incapacitados permanentes”.

Para finalizar, podemos facer unha breve análise da situación dos “Inactivos” no resto das comunidades autónomas (cadro 3.54):

■ Ao igual que o ano anterior, 2004, Galicia segue a ser a comunidade con maior porcentaxe de persoas inactivas no grupo de “xubilados e prexubilados” (41,3% en 2005 e 41,9% en 2004), seguido de Asturias (39,1%). A media nacional é de 32,2%.

■ No grupo de “estudantes” a porcentaxe de Galicia (15,8%) é moi similar ao resto das comunidades autónomas (España 15,9%).

■ A porcentaxe de inactivos no grupo de “labores do fogar” segue a ser a máis baixa do total de España (23 en Galicia en 2005, 23,1 en 2004) e 32,2 en España en 2005 (32,5 en 2004) en Asturias 29% (30,3% en 2004).

■ No ano 2005 produciuse unha importante subida da porcentaxe de “incapacitados permanentes”, pasando dun 5% en 2004 a un 8,3% en 2005. Preséntase como a comunidade con maior porcentaxe de inactivos nesta categoría (España 5,7%) seguido da Rexión de Murcia (8,2%).

Por sexos destaca:

■ Unha porcentaxe de mulleres inactivas no grupo de “xubilados e prexubilados” dun 29,4%, moi superior á media de España (16,1%) e seguida de Cataluña cun 21%.

■ Unha porcentaxe inferior en 12,9 puntos á media de España en inactivos do grupo de “labores do fogar” (en Galicia 35% e en España 47,9%). A importante participación da muller galega, especialmente no sector da agricultura e a pesca, reflíctese na alta porcentaxe de mulleres galegas que se adican ás labores do fogar en exclusividade.

■ O grupo de varóns amosa uns resultados moi similares aos do promedio español, só hai unha pequena diferenza no colectivo de “incapacitados permanentes”, superior en Galicia (9,7%) ao resto de España (6,7%).

■ Cadro 3.54

Inactivos por clase principal de inactividade, sexo e comunidade autónoma. 2005

	Total	Estudante	Xubilado ou prexubilado	Labores do fogar	Incapacitado para traballar	Perceptor pensión distinta da xubilación (ou prexubilación)	Outras situacións ⁽¹⁾
Ambos sexos							
Total	100,0	15,9	32,2	32,2	5,7	11,3	2,7
Andalucía	100,0	16,7	26,1	34,9	7,1	11,7	3,5
Aragón	100,0	14,8	35,7	32,6	4,2	11,4	1,4
Asturias	100,0	13,9	39,1	29,0	6,5	9,4	2,0
Baleares	100,0	14,6	31,3	34,2	5,4	10,6	3,8
Canarias	100,0	19,7	24,1	33,0	7,9	12,0	3,4
Cantabria	100,0	16,3	35,9	30,3	6,1	9,1	2,4
C. A Mancha	100,0	14,5	29,3	39,4	4,3	11,1	1,4
C. León	100,0	14,5	36,7	32,2	3,1	11,6	1,9
Cataluña	100,0	13,4	36,0	29,3	5,8	13,0	2,5
C. Valenciana	100,0	15,3	35,4	31,3	5,7	10,0	2,3
Extremadura	100,0	15,7	27,9	34,6	7,0	11,3	3,4
Galicia	100,0	15,8	41,3	23,0	8,3	9,3	2,3
Madrid	100,0	18,6	29,2	34,4	3,1	10,9	3,8
Murcia	100,0	17,2	28,8	34,1	8,2	9,8	1,8
Navarra	100,0	15,8	35,1	31,4	4,0	12,7	1,1
País Vasco	100,0	15,5	32,7	32,4	4,1	13,3	1,9
A Ríoxa	100,0	15,6	37,1	34,0	2,7	9,2	1,3
Ceuta	100,0	21,0	18,5	39,1	5,6	11,8	4,0
Melilla	100,0	19,7	19,8	36,9	6,2	12,2	5,3
Homes							
Total	100,0	20,1	61,0	4,2	6,7	3,0	5,0
Andalucía	100,0	20,6	55,5	4,8	8,5	3,7	6,8
Aragón	100,0	17,0	72,7	2,9	3,9	1,3	2,3
Asturias	100,0	16,1	69,8	1,4	7,8	1,8	3,2
Baleares	100,0	16,8	52,5	13,5	6,9	4,8	5,5
Canarias	100,0	24,8	48,2	8,5	7,9	4,6	5,9
Cantabria	100,0	21,9	62,7	3,2	7,0	1,5	3,8
C. A Mancha	100,0	18,6	68,8	2,8	4,7	2,2	2,9
C. León	100,0	18,2	70,2	1,8	3,6	2,8	3,4
Cataluña	100,0	17,3	62,8	3,9	8,0	3,6	4,4
C. Valenciana	100,0	19,2	63,6	4,6	6,1	1,8	4,7
Extremadura	100,0	17,6	58,0	6,6	8,6	2,2	7,0
Galicia	100,0	19,4	59,9	4,1	9,7	3,0	3,8
Madrid	100,0	25,6	56,6	4,0	3,3	3,3	7,2
Murcia	100,0	22,8	57,6	2,7	9,2	3,3	4,4
Navarra	99,9	20,0	66,3	3,7	5,3	2,4	2,2
País Vasco	100,1	19,8	65,5	3,2	6,1	2,8	2,7
A Ríoxa	100,0	21,3	69,8	2,6	2,5	2,0	1,8
Ceuta	99,9	24,0	44,4	3,6	10,5	4,8	12,6
Melilla	100,0	32,9	43,7	1,1	2,8	8,1	11,4
Mulleres							
Total	99,9	13,5	16,1	47,9	5,1	15,9	1,4
Andalucía	100,0	14,7	10,7	50,6	6,3	15,9	1,8
Aragón	100,0	13,5	14,3	49,7	4,4	17,2	0,9
Asturias	100,0	12,6	20,9	45,4	5,8	13,9	1,4
Baleares	100,0	13,4	19,0	46,2	4,5	14,0	2,9
Canarias	100,0	16,8	10,5	46,7	8,0	16,1	2,0

■ **Cadro 3.54** (continuación)

	Total	Estudiante	Xubilado ou prexubilado	Labores da casa	Incapacitado para traballar	Perceptor pensión distinta da xubilación (ou prexubilación)	Outras situacións ⁽¹⁾
Ambos sexos							
Cantabria	100,0	13,0	20,1	46,2	5,5	13,5	1,6
C. A Mancha	100,0	12,4	8,4	58,7	4,1	15,8	0,6
C. León	100,0	12,2	16,5	50,5	2,7	17,0	1,1
Cataluña	100,0	11,3	21,0	43,6	4,6	18,2	1,4
C. Valenciana	100,0	13,1	20,0	45,9	5,4	14,5	1,0
Estremadura	100,0	14,6	10,4	50,9	6,1	16,6	1,3
Galicia	100,0	13,4	29,4	35,0	7,5	13,3	1,3
Madrid	100,0	14,7	13,8	51,3	3,0	15,2	2,0
Murcia	100,0	14,3	13,7	50,7	7,7	13,2	0,4
Navarra	100,0	13,2	15,8	48,5	3,2	19,0	0,4
País Vasco	100,0	13,1	13,7	49,4	3,0	19,5	1,3
A Ríoxa	100,0	12,3	17,8	52,5	2,9	13,5	1,0
Ceuta	100,0	19,6	6,5	55,6	3,3	15,0	
Melilla	100,0	13,1	7,7	54,8	7,9	14,2	2,2

“(1) A categoría ““Outra situación”” inclúe aos inactivos que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar.”

(2) Os resultados de Ceuta e Melilla deben tomarse con precaución porque poden estar afectados por grandes erros de mostraxe.

Datos en porcentaxes, respecto da poboación inactiva total de cada comunidade autónoma.

Fonte: INE, EPA 4º trimestres de 2005.